

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 8 de maio de 2026
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e corenta e dous minutos do día 8 de maio do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Luisa Sánchez Méndez*, *Roberto José Álvarez Carrero*, *Juan Pablo Castillo Amigo*, *Jorge Cubela López*, *Ricardo Martínez Chantada*, *Manuel Alejandro Lorenzo Alonso*, e *Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *María Beatriz del Cerro del Río*, Vicesecretaria Xeral, e está presente o Interventor, *Antonio Graña Gómez*.

Non asiste o deputado *Rafael Domínguez Artime*, nin a deputada *María Pilar Ramallo Vázquez*, xustificando ambos a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros* e *Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.37030.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 30 de abril de 2026.

2.37031.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DO PROGRAMA DE AXUDAS A AGRUPACIÓNS DE PERSOAL VOLUNTARIO DE PROTECCIÓN CIVIL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026.(Expte.2026019867)

Considerando a importancia das agrupacións de voluntarios de protección civil como un elemento clave no sistema de emerxencias da comunidade autónoma de Galicia, a Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia, promove a colaboración cidadá nas tarefas de protección civil, definíndoa como un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para afrontar os riscos ordinarios e graves que poidan xurdir coa participación das distintas administracións públicas e coa colaboración cidadá.

Resultando que en base ao anterior propónse unha liña de subvencións, mediante a cal a Deputación de Pontevedra reafirma o seu compromiso en seguir apoiando, no cumprimento dos seus fins, ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil con actividade nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra para os gastos derivados de equipamentos con carácter de investimento que sexan necesarios para o seu funcionamento.



Considerando que, á vista desta necesidade, se confeccionan para este ano 2026 as Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra có obxectivo primordial de que ditas agrupacións poidan responder de forma eficaz e segura ás emerxencias no territorio provincial de conformidade coas competencias atribuídas en materia de protección civil nos artigos 25.2f) e 36 da Lei 7/1985, de 2 abril, de bases de réxime local, e o disposto nos artigos 10.b) e 48.4 da Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Considerando que a finalidade destas axudas é garantir que as agrupacións de protección civil do territorio provincial poidan responder de forma máis eficaz ás emerxencias sen correr riscos innecesarios por falta de material adecuado. Esta nova liña de axudas contribuirá á modernización dos recursos técnicos das agrupacións e ao fortalecemento da capacidade operativa e de xestión de emerxencias na provincia de Pontevedra.

Considerando que estas bases e a súa convocatoria rexerán o procedemento aplicable para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para sufragar os gastos de investimentos e equipamentos realizados polas agrupacións de persoal voluntario de protección civil legalmente constituídas, sen fins de lucro e debidamente inscritas no Rexistro de Agrupacións de persoal Voluntario de Protección Civil de Galicia.

Considerando que as bases, ademais de recoller os criterios de distribución do crédito dispoñible conforme a un procedemento de concorrencia competitiva, dotan de seguridade xurídica ó procedemento de concesión e xustificación de subvencións públicas para acadar, así mesmo, a obxectividade que debe presidir a actuación da Deputación Provincial de Pontevedra.

Considerando que o financiamento realízase con fondos propios da Deputación do orzamento do ano 2026, onde se recolle a consignación económica para esta actuación, de conformidade co establecido no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención.

Considerando que, de acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento e cumprindo co establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno da Deputación.

Por conseguinte, vista toda a documentación relativa ó citado programa de subvencións, que obra no expediente número 2026019867; vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación (CSV:26PMAU01Q23Q8ZSN), da Secretaría Xeral (CSV: NK6OEKWQ4BCL2F0A) e da Intervención Provincial (CSV: QGZHT81WTD2MFYJW), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar as bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra para o ano 2026 e aprobar o gasto por importe de cen mil euros (100.000,00 €), imputables contra a aplicación orzamentaria 2026/942.1350.789.10 “Achegas para investimentos a agrupacións de protección civil. Cooperación”.



As ditas bases e convocatoria (CSV: 73VMEMK1EGMD1OL6) apróbanse co tenor literal seguinte:

***“BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DO PROGRAMA DE AXUDAS A AGRUPACIONES DE PERSOAL VOLUNTARIO DE PROTECCION CIVIL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026*”**

ANTECEDENTES

A posta en marcha do programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil (AVPC) da provincia de Pontevedra para o ano 2025 abriu a posibilidade de que, por primeira vez, estas agrupacións dispuxesen de axudas económicas directas para adquirir equipamentos con carácter de investimento.

Despois de analizar a boa acollida do programa —tanto polo interese suscitado coma pola participación acadada— e constatar a necesidade de seguir apoiando o financiamento deste tipo de investimentos, o Goberno provincial pretende reafirmar o seu compromiso e apoio ás AVPC activando unha nova edición desta liña de axudas.

Esta decisión responde á necesidade de darlle continuidade a un programa de axudas que naceu para cubrir unha demanda de financiamento á hora de dotar o persoal voluntario de protección civil de equipamentos e medios de investimento seguros.

O obxectivo primordial destas axudas é garantir que as AVPC poidan responder de forma eficaz ás emerxencias no territorio provincial sen correr riscos innecesarios por falta de material adecuado. Nesta decisión contribúe o seguinte:

- *Modernización: estas axudas permiten actualizar os recursos técnicos e converter así as nosas agrupacións en entidades punteiras e de referencia no noso territorio.*
- *Capacidade operativa: a Deputación implícase directamente para garantir a operatividade das AVPC, cuxo labor é esencial para protexer os bens e a veciñanza.*
- *Eficiencia: esta liña de actuación busca seguir dotando dunha maior axilidade e eficiencia a xestión das emerxencias na provincia.*

Reforzar e recoñecer o labor esencial que desempeñan estas agrupacións en situacións de emerxencia —desgraciadamente cada vez máis habituais— é, en última instancia, defender un investimento en seguridade pública e benestar social para o territorio provincial.

Ademais, cómpre destacar que as AVPC non só actúan ante o perigo, senón que fomentan o compromiso civil e a solidariedade entre a veciñanza e fortalecen o tecido social da nosa provincia.

Por todo iso, a Deputación de Pontevedra mantén o seu firme obxectivo de recoñecer e seguir apoiando o excelente servizo e a vontade altruísta das persoas que forman parte das AVPC ao permitir-lles mellorar e modernizar os seus equipamentos e investimentos.

INTRODUCCIÓN

No artigo 3 do Decreto 56/2000, de 3 de marzo, polo que se regulan a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, establécese que, xunto coas diferentes administracións públicas, a estrutura organizativa de protección civil estará integrada polo persoal voluntario. Así mesmo, no artigo 49 recóllense os requisitos que deben cumprir as AVPC.



No artigo 48 da Lei 5/2007, de 7 maio, de emerxencias de Galicia, dispónse que o persoal voluntario do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia poderá agruparse en asociacións cuxa finalidade social sexa a colaboración desinteresada na protección das persoas e bens en situacións de risco e de emerxencias.

Pola súa banda, no artigo 7 da Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil, establécese que a participación das e dos cidadáns nas tarefas de protección civil poderá canalizarse a través das entidades de voluntariado, de conformidade co que se dispoña nas leis e demais normas regulamentarias.

De acordo coas competencias atribuídas en materia de protección civil nos artigos 25.2.f e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, e co disposto nos artigos 10.b e 48.4 da citada Lei 5/2007, a Deputación de Pontevedra pon en marcha unha nova liña de axudas para contribuír a mellorar os servizos de protección civil que se prestan no territorio provincial e reforzar o importante papel das AVPC dos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Primeira. Obxecto, finalidade e actuacións subvencionables

1.1 Constitúe o obxecto destas bases a ordenación do procedemento aplicable para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás AVPC con actividade nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra para os gastos derivados de investimentos e equipamentos.

1.2 A finalidade destas axudas é contribuír a mellorar a calidade dos servizos de protección civil que se prestan nos concellos de menos de 50.000 habitantes do territorio da provincia de Pontevedra e reforzar o importante papel que xogan as AVPC neste eido.

1.3 Actuacións subvencionables:

Serán subvencionables os gastos derivados de equipamentos con carácter de investimento necesarios para o funcionamento da agrupación que se adquiran no período comprendido desde que se publiquen estas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) ata que remate o prazo de execución, que sexan realizados polas entidades destinatarias destas axudas e que consistan nalgunha das actuacións subvencionables relacionadas a continuación:

Investimentos subvencionables
<i>Maquinaria (motoserras, roxadoiras, compresores, xeradores, hidrolimpadoras, bombas de achique, máquinas sopradoras, batelumes...).</i>
<i>Ferramentas de rescate e salvamento (escadas, lanternas, navallas, martelos, mangueiras para extinción de incendios, dron para busca e vixilancia, palas, serras...).</i>
<i>Mobiliario para o local da agrupación (mesas, cadeiras, bancos, estantes etc.)</i>
<i>Equipos informáticos (ordenadores, tabletas, impresoras...).</i>
<i>Equipos de comunicación e dispositivos móbiles (móbiles, radios, emisoras, walkie-talkies, megáfonos, dispositivos GPS etc.).</i>
<i>Material de seguridade viaria inventariable (balizas, sinais, conos de sinalización...).</i>
<i>Material sanitario inventariable (boticas de primeiros auxilios, padiolas, desfibriladores...).</i>



Investimentos para adquirir equipos de protección individual (EPI), de conformidade co establecido no Real decreto 773/1997, de 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización dos equipos de protección individual, sempre que teñan a consideración de investimentos, tales como:

- *Cascos ou gorras, pasamontañas e protectores para a cabeza.*
- *Orelleiras (por exemplo, orelleiras acopladas ao casco, con redución activa de ruído e con entrada eléctrica de audio).*
- *Gafas de montura universal, gafas de montura integral e pantallas faciais.*
- *Equipos de protección respiratoria (filtrantes, illantes, con subministración de aire, de mergullo, dispositivos de autorrescate...).*
- *Unidades ou equipos de flotación individual (EFI), chalecos salvavidas.*
- *Dispositivos anticaídas retráctiles, arneses anticaídas e de asento, cintos de suxeición e retención e equipos de amarre de suxeición, absorbedores de enerxía, arneses de salvamento...*
- *Traxes de protección total do corpo.*

Exclúense expresamente os gastos referidos a vestiario, material téxtil e os EPI cun valor unitario inferior a corenta euros (40 €). O devandito material debe cumprir coa normativa técnica específica, ser homologable e estar debidamente certificado.

Todos os gastos deberán corresponderse con actuacións realizadas dentro do prazo de execución establecido nestas bases.

Os equipamentos subvencionables deberán ter a condición de investimentos; consideraranse coma tales aqueles gastos que reúnan o seguinte:

- *Non ser bens consumibles.*
- *Ter unha duración previsiblemente superior ao exercicio orzamentario.*
- *Ser susceptibles de inclusión no inventario.*
- *Ser gastos previsiblemente non reiterativos.*

Polo tanto, non serán subvencionables os gastos correntes, coma material funxible, luz, auga, teléfono, alugueiros de locais e similares, nin tampouco os gastos de material non inventariable; os de locomoción, manutención, aloxamento e atencións protocolarias; os financeiros; nin os referidos a actividades que non se correspondan cos obxectivos da convocatoria.

Exclúense expresamente os gastos de vestiario e de material téxtil que non se correspondan cos EPI, así como calquera outro material para actividades con valor unitario inferior a corenta euros (40 €).

En ningún caso, o custo de adquisición de equipamentos poderá ser superior ao valor de mercado.

De non considerarse que os prezos son razoablemente de mercado, o persoal técnico provincial informará disto, e esta circunstancia incorporaráse ao requirimento de emenda, a cal se lles comunicará ás persoas interesadas para que emenden ou aclaren a adaptación dos prezos ao mercado. Todas as unidades que non respecten o establecido nos parágrafos anteriores serán consideradas como non subvencionables. Se persistise a falta de adaptación razoada aos prezos de mercado, a Deputación poderá desestimar a solicitude, logo da resolución motivada por parte do órgano competente.



Segunda. Natureza xurídica

De conformidade co disposto nos artigos 5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e 4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXS), estas axudas terán o carácter de subvencións e rexeranse pola seguinte normativa:

- LXS, nos artigos de carácter básico e na súa normativa tamén básica de desenvolvemento.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e a súa normativa de desenvolvemento.
- Artigos non básicos da LXS e normativa de desenvolvemento.
- Lexislación de réxime local estatal e autonómica.
- OXS.
- Bases de execución do Orzamento, especialmente nos aspectos orzamentario e contable.
- Convocatoria e bases reguladoras desta.
- Actos administrativos ditados polos distintos órganos da Deputación.

Terceira. Aprobación das bases

De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento e no artigo 17 da LXS, no exercicio de 2026 o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno da Deputación.

Cuarta. Entidades beneficiarias

Poderán ser entidades beneficiarias das axudas reguladas nestas bases as AVPC legalmente constituídas, sen fins de lucro, que na data da publicación desta convocatoria cumpran os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro de Agrupacións de Persoal Voluntario de Protección Civil de Galicia (esta condición deberá cumprirse, como moi tarde, no último día do prazo de presentación de solicitudes).
- Posuír NIF como asociación con personalidade xurídica propia.
- Ter dependencia funcional dun concello de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra ou dunha mancomunidade ou agrupación de concellos, sempre e cando os concellos integrantes sexan de menos de 50.000 habitantes (segundo os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística, IGE, vixentes no momento da publicación destas bases).
- Cumprir o recollido no artigo 13 da LSG.
- Estar ao día das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e coa Deputación de Pontevedra. O cumprimento deste requisito deberá estar referido ao momento do fin do prazo de solicitudes.
- Dispoñer de seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Ningunha entidade poderá presentar máis dunha solicitude ao abeiro desta convocatoria de axudas, aínda que se refira a actuacións distintas. O incumprimento deste punto implicará a inadmisión das solicitudes presentadas en segundo ou sucesivo lugar.

Quinta. Financiamento

A contía desta convocatoria de axudas ascende a cen mil euros (100.000 €), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao Orzamento provincial do exercicio de 2026, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.1350.789.10, "Achegas para investimentos a agrupacións de protección civil. Cooperación".



Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, prevese a posibilidade de ampliar o crédito nas circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, de subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo. O importe desta ampliación dependerá do volume de solicitudes presentadas, co límite máximo de cincuenta mil (50.000€) euros e quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito a consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, á aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A Deputación de Pontevedra publicará a ampliación nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura dun novo prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo do prazo para resolver. Esta modificación deberá levarse a cabo antes do 31 de decembro de 2026.

Sexta. Criterios de concesión e contía das subvencións

6.1. As subvencións outórganse polo procedemento de concorrencia competitiva, de acordo cos principios establecidos no artigo 8.3 da LXS.

A axuda económica que se conceda poderá abarcar a totalidade do orzamento solicitado, cun máximo de cinco mil euros (5.000€) e cun mínimo de mil euros (1.000 €) por entidade beneficiaria. Concederase unha única axuda por entidade.

Aplicaranse os seguintes criterios e baremos para valorar as solicitudes, as cales poderán obter un máximo de 50 puntos:

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA	FÓRMULA
<i>Polo número de mobilizacións da agrupación no ano 2025 rexistradas no Sistema Integrado de Protección Civil (SIPROC). Acreditarase mediante unha certificación ou un informe expedido pola ou polo responsable do SIPROC ou pola persoa competente</i>	<i>Ata 10 puntos</i>	<i>Outórganáselle a puntuación máxima á entidade con máis mobilizacións e, ao resto, proporcionalmente, tendo en conta que o valor cero non se corresponderá con ningunha mobilización</i>
<i>Pola poboación do territorio da entidade local da que dependan funcionalmente (segundo os últimos datos publicados no Instituto Nacional de Estatística, INE, no 2025)</i>	<i>Ata 10 puntos</i>	<i>Outórganáselle a puntuación máxima á entidade con máis poboación e, ao resto, proporcionalmente, tendo en conta que o valor cero non se corresponderá con ningunha poboación</i>
<i>Pola extensión do territorio da entidade local da que dependan funcionalmente (segundo os últimos datos publicados no IGE na data de publicación destas bases no BOPPO)</i>	<i>Ata 10 puntos</i>	<i>Outórganáselle a puntuación máxima á entidade con máis quilómetros cadrados de superficie e, ao resto, proporcionalmente, tendo en conta que o valor cero se corresponderá con cero quilómetros cadrados</i>
<i>Pola perda de poboación da entidade local da que dependan funcionalmente (reto demográfico), calculado a partir dos datos definidos polo INE en relación coa prima demográfica de perda de poboación entre 2015 e 2025</i>	<i>Ata 5 puntos</i>	<i>Sen perda: 0 puntos Menor ou igual ao 5 %: 2 puntos Entre o 5,01 e o 10 %: 3 puntos Entre o 10,01 e o 15 %: 4 puntos Maior do 15 %: 5 puntos</i>



<i>Polo número de membros voluntarios da agrupación. Acreditarase mediante unha certificación ou un informe do Rexistro de Protección Civil competente</i>	<i>Ata 5 puntos</i>	<i>Outorgaráselle a puntuación máxima á entidade con máis integrantes e, ao resto, proporcionalmente, tendo en conta que o valor cero non se corresponderá con ningún membro.</i>
<i>Polo número de membros candidatos da agrupación. Acreditarase mediante unha certificación ou un informe do Rexistro de Protección Civil competente</i>	<i>Ata 5 puntos</i>	<i>Outorgaráselle a puntuación máxima á entidade con máis integrantes e, ao resto, proporcionalmente, tendo en conta que o valor cero non se corresponderá con ningún membro.</i>
<i>Pola antigüidade da agrupación desde a súa inscrición no SIPROC</i>	<i>Ata 5 puntos</i>	<i>Outorgaráselles 5 puntos ás que acrediten a súa inscrición ata o ano 2000, este incluído; 4 puntos ás que acrediten a súa inscrición desde o ano 2001 ata o 2005, este incluído; e 3 puntos ás que acrediten a súa inscrición desde o ano 2006 ata o 2010, este inclusive; 2 puntos ás que acrediten a súa inscrición desde o ano 2011 ata o 2021, este inclusive; 1 punto ás inscritas desde o ano 2022 ata o 2025, este inclusive; e cero puntos ás inscritas no 2026</i>

As subvencións poderán alcanzar ata o 100 % do orzamento, tendo en conta que a axuda non poderá superar o importe máximo asignado na solicitude. En todo caso, a entidade beneficiaria terá a obriga de asumir o cofinanciamento pola parte que exceda o importe da axuda. Neste sentido, esta deberá executar o orzamento sobre o que se lles concede a subvención, de xeito que se reducirá a subvención recibida en proporción ao orzamento total executado.

6.2. Quedarán excluídas aquelas solicitudes que incumpran os requisitos e condicionantes establecidos nestas bases e na normativa aplicable en materia de subvencións.

O cumprimento destas circunstancias acreditarase mediante a achega da documentación correspondente, segundo o caso, e deberá ser efectivo, como máximo, no momento de finalización do prazo para presentar as solicitudes. A Deputación reserva a potestade de requirir as aclaracións necesarias naqueles casos nos que non sexa posible dilucidar con claridade o seu cumprimento.

CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Sétima. Procedemento de concesión

1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Cooperación e comprenderá as seguintes actividades ou fases:

- a) Unha vez presentadas as solicitudes, o servizo instrutor realizará o seu estudo e comprobación, e solicitaranse as emendas que procedan, que deberán presentarse no prazo de dez (10) días hábiles.*



- b) *Petición de informes: o órgano instructor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais sobre as memorias presentadas para avaliar o cumprimento dos prezos de mercado.*
- c) *Informe-proposta do xefe do Servizo de Cooperación, no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, se explicará o sistema de valoración seguido, se relacionarán as solicitudes por orde decrecente de puntuación e se sinalará a subvención que lle corresponde a cada unha das entidades beneficiarias segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior puntuación poderá asignárselles unha subvención de ata o 100 % do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e da contía solicitada. Unha vez efectuado o repartimento, de existir importe sobrante que non cubrise o importe máximo subvencionable da seguinte solicitude á que lle correspondería a subvención, segundo a orde de prelación establecida, non se lle concederá ningunha subvención, se ben pasará a formar parte da lista de agarda como primeira solicitude e poderá obter por esta vía a subvención polo importe total subvencionable, coas limitacións reguladas nestas bases. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas e motivaranse as razóns da desestimación. Para aquelas solicitudes que se desestimen por esgotarse o crédito, establecerase unha prelación e estas pasarán á lista de agarda. En casos de empate, terán preferencia aquelas que obtivesen unha maior puntuación no criterio de valoración que conste en primeiro lugar, pola orde establecida nestas bases. De persistir o empate, resolverase por sorteo, cuxa acta se incorporará ao expediente. No suposto de que o número total de solicitudes presentadas supuxese un importe total que non excedese o máximo consignado para este programa, non será necesario valorar as solicitudes, e unicamente se verificará o cumprimento dos requisitos xerais de subvencionabilidade establecidos nestas bases. Se existise crédito sobrante, poderase ratear entre todas as solicitudes ata o límite do orzamento subvencionable solicitado.*
- d) *Informe de fiscalización da Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta.*
- e) *Estudo do informe-proposta por parte da Comisión de Avaliación, do que a secretaria ou secretario redactará a acta. Esta comisión estará formada polos seguintes membros ou polas persoas que se designen como suplentes:*
- *Presidencia: o deputado delegado de Emerxencias.*
 - *Vogais:*
 - *O xefe do Servizo de Cooperación.*
 - *Unha técnica ou técnico do Servizo de Cooperación.*
 - *Unha técnica ou técnico do Servizo de Arquitectura.*
 - *Unha técnica ou técnico do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.*
 - *Unha técnica ou técnico da Intervención provincial.*
 - *Secretaría: o xefe do Servizo de Cooperación ou a funcionaria ou funcionario de carreira con titulación superior en quen delegue.*
- f) *Antes de emitir a proposta de resolución definitiva, o órgano instructor poderá elevar a proposta de resolución coa relación de solicitudes excluídas, na que se expoñan os motivos da exclusión, para que o órgano competente resolva e se lles notifique ás entidades interesadas, co fin de que poidan aducir alegacións e achegar os documentos ou outros elementos de xuízo que consideren nun prazo de dez (10) días hábiles. O órgano competente teraos en conta ao redactar a correspondente proposta de resolución definitiva.*



g) *Proposta de resolución definitiva, que se elevará ao órgano competente para a súa aprobación. De producirse algún cambio con respecto á resolución provisional, este deberá ser informado pola Intervención provincial.*

h) *Resolución do órgano competente, de conformidade co disposto nas bases reguladoras, na que se deberán acreditar os fundamentos da resolución que se adopte. O prazo máximo para notificar e resolver non poderá exceder os seis (6) meses, contados a partir do día seguinte ao de finalización do prazo para presentar as solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar as entidades potencialmente beneficiarias lexitímas para entenderem como desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de concesión de subvención.*

3. *A proposta de resolución definitiva non crea ningún dereito a favor da entidade beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión. Unha vez notificada, entenderase aceptada polas entidades beneficiarias, salvo que estas a rexeiten expresamente no prazo máximo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.*

4. *As solicitudes que conteñan toda a documentación válida para a concesión das subvencións pero que non obteñan subvención por esgotarse o crédito dispoñible para este programa, quedarán en lista de agarda. Poderán obter financiamento no caso de producirse renuncias, desistencias ou que se amplíe o crédito segundo o disposto na base quinta.*

Oitava. Lugar e prazo de presentación das solicitudes

8.1 Forma de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). As solicitudes deberán estar debidamente cubertas, e nelas especificaranse a súa denominación concreta, o orzamento e o importe da subvención solicitada. Así mesmo, deberán conter todos os datos da agrupación de persoal voluntario solicitante, que serán os que empregue o servizo instrutor en todo o procedemento para os efectos de comunicación e notificación.

As devanditas solicitudes deberán aprobarse mediante un acordo do órgano competente da entidade solicitante, no que se indicarán expresamente a data da súa aprobación, a cantidade que se solicita e a denominación concreta da actuación. Para os efectos de concesión da subvención, este asunto entenderase acreditado coa presentación do anexo I.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

8.2 Prazo de presentación das solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes de subvencións que se acollan a este programa será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto desta convocatoria no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).



Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación dos procedementos, consultaránse automaticamente os datos incluídos nas solicitudes:

- *Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*
- *NIF da entidade solicitante.*
- *NIF da persoa representante.*
- *Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.*

Se as entidades interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado na solicitude de inicio e achegar os documentos pertinentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar que presenten os documentos correspondentes.

Décima. Presentación de documentos

As entidades solicitantes deberán achegar a solicitude normalizada, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, na que constarán as seguintes declaracións responsables:

- *Que, segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron outras subvencións ou axudas para a finalidade subvencionada. En caso de que se solicitasen, deberanse indicar o detalle do financiamento solicitado e o organismo ao que se lle solicitou, e, no caso de que se recibisen, o detalle do financiamento obtido e a declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada.*
- *Que a entidade solicitante non incorre en ningunha causa de prohibición para percibir axudas ou subvencións públicas, que coñece e acepta o total contido destas bases da convocatoria e que asume o compromiso de cumprir as condicións da subvención.*
- *Que a entidade solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación provincial no momento do fin do prazo de solicitudes (só nos casos en que se opuxese á súa consulta automatizada).*
- *Que a entidade solicitante ten o domicilio social na provincia de Pontevedra.*
- *Que autoriza expresamente a Deputación de Pontevedra para solicitar canda información resulte necesaria para a correcta comprobación e verificación da información subministrada e, en especial, para dar acceso de forma automática aos rexistros, bases de datos ou arquivos dixitais onde conste a información necesaria para efectuar as comprobacións, cando iso sexa posible.*



Ademais, xunto coa devandita solicitude, as entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- *Certificación expedida pola persoa que exerza o posto de secretaria ou secretario da entidade, na que se faga constar o seguinte (anexo I):*
 - *O acordo do órgano competente no que se decida solicitar a subvención e se indiquen a data, o importe da subvención, a denominación concreta da actuación para a que se solicita a subvención e o importe total do orzamento. A data deste acordo ten que ser posterior á publicación das bases reguladoras.*
 - *Que se cumpren os requisitos e as obrigas sinalados nestas bases.*
 - *Que todos os prezos unitarios que constan no orzamento se corresponden con prezos de mercado.*
 - *Que as persoas que se relacionan nela como presidenta ou presidente, secretaria ou secretario e representante da agrupación de persoal voluntario actúan en calidade dos cargos que exercen con indicación do órgano que as nomeou e da data do acordo, e que na actualidade seguen vixentes no cargo.*
 - *Que o número de conta bancaria indicado para o ingreso da subvención é de titularidade da entidade solicitante.*
 - *O número de membros voluntarios e candidatos da agrupación actualizado nos tres meses anteriores á fin da data de presentación de solicitudes.*
 - *O número de mobilizacións da agrupación no ano 2025, rexistradas no SIPROC.*
 - *A data da inscrición da agrupación no SIPROC.*
 - *A entidade local da que dependa funcionalmente, con indicación da súa poboación e da extensión do territorio en quilómetros cadrados, referida á última publicación do IGE vixente no momento da publicación destas bases.*
 - *A porcentaxe de cofinanciamento en relación coa subvención solicitada e o orzamento total das actuacións subvencionables.*
- *Certificado expedido polo órgano competente que xestiona o SIPROC, no que consten:*
 - A acreditación de estar legalmente constituídas e debidamente inscritas no Rexistro de Agrupacións de Persoal Voluntario de Protección Civil de Galicia.*
 - Acreditación do número tanto das persoas voluntarias coma das candidatas da agrupación actualizado nos tres meses anteriores á fin da data de presentación de solicitudes.*
 - Acreditación na data da inscrición da agrupación no SIPROC.*
 - Acreditación do número de mobilizacións da agrupación no ano 2025 rexistradas no SIPROC.*
- *Unha memoria valorada asinada pola presidenta ou presidente da entidade solicitante ou polo persoal técnico competente, na que conste o seguinte contido mínimo:*
 - *Memoria explicativa na que se describan os equipamentos que se pretenden adquirir. No caso dos EPI, deberase incluír na memoria a súa ficha técnica correspondente. O devandito material debe cumprir coa normativa técnica específica, ser homologable e estar debidamente certificado.*
 - *Un orzamento no que se definan con claridade os distintos elementos e se expresen os prezos unitarios e o número de unidades, cando proceda, acorde coa táboa de accións subvencionables contida na base primeira destas bases, co IVE aplicable desagregado. En caso de que o IVE sexa deducible, deberá indicarse expresamente. Se o importe do gasto subvencionable superase a contía de quince mil euros (15.000 €), excluído o IVE, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, antes de contraer o compromiso para entregar o ben, salvo que, polas súas especiais características, non exista no mercado un número suficiente de entidades que os subministren ou que o gasto se realizase antes da subvención; todo iso de conformidade co disposto no artigo 31.3 da LXS.*



En caso de que algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na mencionada Sede electrónica.

Calquera falsidade nos datos presentados dará lugar á perda da subvención concedida e a outras medidas que para o caso poida arbitrar o organismo provincial.

Non se concederán subvencións se non figuran no expediente todos os formularios e os documentos preceptivos recollidos nestas bases. En caso de defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base ou de incumprimento do previsto no artigo 68 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada que emende as faltas ou as omisións no prazo máximo de dez (10) días hábiles, e indicaráselle que, se non o fai, se entenderá que desiste da súa solicitude, logo da resolución, que deberá dítarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei. A falta de presentación da memoria valorada non será considerada como un defecto emendable e operará como unha causa de exclusión.

Os anexos dispoñibles na Sede electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) non serán obxecto de manipulación ou emenda. Poderanse utilizar modelos propios de certificacións, que deberán respectar o contido exacto recollido nestas bases.

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. O certificado electrónico das agrupacións de persoal voluntario deberá estar en vigor para a correcta notificación das resolucións e dos actos administrativos, así como o da persoa representante, en caso que se designe unha para a tramitación do expediente.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e a través da URL directa <https://debu.redsara.es/>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicaraa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se entenderá que desiste da súa solicitude, logo da resolución, que se ditará nos termos do artigo 21.



Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden usar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outras). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para levar a cabo trámites sobre outros expedientes e presentalos electronicamente. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>.

CAPÍTULO III. EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONADAS POLAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Décimo terceira. Prazo de execución e xustificación das actuacións

As actuacións deberán estar executadas na súa totalidade o 30 de xuño de 2027 e xustificadas, como máximo, o 31 de xullo de 2027. Estes prazos serán os mesmos para as solicitudes que queden na lista de agarda e que se concedan posteriormente; non será posible concederlles novas subvencións ás solicitudes na lista de agarda despois do 31 de decembro de 2026.

Décimo cuarta. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias, de conformidade co disposto nestas bases, estarán obrigadas a cumprir o establecido no artigo 11 da LSG; en particular, ao seguinte:

- *Destinar o importe das subvencións outorgadas ao cumprimento total das finalidades que fundamentan a concesión das subvencións.*
- *Realizar as actuacións que fundamentan a concesión das subvencións nos prazos sinalados nestas bases.*
- *Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra, para o que achegarán canta información se lles requira no prazo que estableza a institución provincial. Para estes efectos, en relación co control financeiro, as entidades beneficiarias deberán cumprir o disposto no artigo 31 da OXS, dispoñible na seguinte ligazón:
<https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2024/12/27/2024083968>.*
- *Cumprir a normativa de subvencións e as demais normas que sexan de aplicación.*

As entidades beneficiarias deberán darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións subvencionadas. Para estes efectos, deberán cumprir o seguinte:

- *En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, a entidade beneficiaria deberá recoñecer o apoio da Deputación de Pontevedra, de acordo co Manual de identidade corporativa específico desta axuda, dispoñible no portal institucional da Deputación de Pontevedra, incluída a imaxe institucional correspondente.*
- *Acreditar a publicidade e indicar as accións de comunicación realizadas, as fotografías e a demais documentación que se considere necesaria.*



- Colocar nun lugar visible no local da agrupación un cartel informativo, que facilitará a Deputación de Pontevedra, no que se indique que se trata de investimentos subvencionados pola institución provincial xunto co logotipo da Deputación.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional dar as instrucións que se deben seguir no relativo á identidade corporativa. Para estes efectos, en <https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa> atópase o Manual de identidade corporativa Plan +Provincia da Deputación de Pontevedra, no que se recollen as relativas á publicidade.

Décimo quinta. Xustificación da subvención

Todas as actuacións deberán estar xustificadas na data sinalada na base décimo terceira.

A xustificación da subvención realizarase coa achega de xustificantes de gasto, facturas e a demais documentación xustificativa, segundo o previsto nesta base, e, en todo caso, coa seguinte documentación:

- Memoria explicativa dos investimentos realizados, asinada electronicamente pola presidenta ou presidente da entidade beneficiaria ou por quen actúe en representación.
- Conta xustificativa dos gastos no modelo normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (formulario 100.001), asinada electronicamente e debidamente cuberta, na cal se relacionarán as facturas ou documentos probatorios no tráfico mercantil e administrativo (identificaranse o proveedor, NIF, número de factura, concepto e importe) que xustifiquen a execución do proxecto que fundamentou a resolución de concesión. Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial. Non se aboará máis que o importe xustificativo co límite da subvención concedida e da porcentaxe de financiamento correspondente á concesión.
- Facturas dos gastos realizados, nas que se deberán detallar as unidades e os prezos unitarios. De non vir correctamente tipificado o gasto, as facturas non se admitirán a trámite, o que dará lugar á perda da subvención concedida.
- Declaración de que non se percibiron outras subvencións, ingresos ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración, ente público ou privado estatal ou internacional ou, en caso de recibilas, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada.
- Acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación mediante noticias de prensa ou outras accións de publicidade nas redes, páxinas web etc.
- Acreditación de estar ao día das súas obrigas coa AEAT, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa ATRIGA e coa Deputación de Pontevedra (só no caso de que as entidades interesadas se opuxesen ás devanditas consultas no cadro habilitado na solicitude de subvención).

As entidades beneficiarias estarán obrigadas a pagar os investimentos subvencionados no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción do ingreso correspondente á subvención concedida.

Para estes efectos, as entidades beneficiarias deberán achegar, no prazo máximo de dous (2) meses desde a percepción do ingreso, o xustificante bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas debidamente identificado. Non se admitirán pagamentos en efectivo nin mediante cheque bancario. En caso de non achegarse no prazo indicado este xustificante ou de facelo de forma incompleta, requiriráselles que as presenten correctamente no prazo de quince (15) días.

Este aspecto será obxecto de comprobación polo centro xestor e nas actuacións de control financeiro. En caso de incumprimento, constituirá unha causa de reintegro polo importe da factura pagada fóra de prazo.



A documentación xustificativa deberá cumprir as esixencias establecidas na normativa vixente en cada momento e, de modo particular, o disposto no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento que recolle as obrigas de facturación.

A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación axustarase ás normas indicadas na base décimo cuarta sobre obrigas das entidades beneficiarias e nesta mesma base.

A Deputación poderá requirirles ás entidades beneficiarias que entreguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a correcta verificación da xustificación presentada e a comprobación da execución do proxecto subvencionado.

A documentación xustificativa será comprobada polo Servizo de Cooperación e pola Intervención da institución provincial. As actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución dos investimentos por parte dos servizos técnicos da Deputación provincial, que verificarán as facturas remitidas. Esta comprobación material do investimento é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

Décimo sexta. Pagamento

Todas as actuacións deberán estar executadas na data sinalada na base décimo terceira e xustificarse no prazo indicado nesa mesma base. O incumprimento destes prazos dará lugar á perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención. O importe da subvención pagaráselles ás entidades beneficiarias á vista dos xustificantes de gasto, facturas e demais documentación xustificativa, segundo o previsto nestas bases.

As subvencións pagaranse logo da comprobación por parte do Servizo de Cooperación e da Intervención e dos servizos técnicos provinciais de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriron a finalidade e o obxecto da subvención.

Unha vez realizados todos os trámites para efectuar as comprobacións oportunas, o órgano competente da Deputación ditará unha resolución, na que se aprobará a xustificación, e librarase o pagamento da axuda, sen prexuízo de cumprir a obriga de achegar, no prazo máximo de dous (2) meses desde a percepción do ingreso, o xustificante bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado, de conformidade co disposto na base décimo quinta.

O pagamento efectuarase no número de conta bancaria a nome da entidade beneficiaria que se indique, como máximo, no momento da xustificación final. Non se farán pagamentos a contas nas que non figure como titular a entidade beneficiaria. A Deputación poderá solicitar que esta titularidade se acredite mediante un certificado bancario.

Décimo sétima. Modificación da resolución de concesión

- Toda alteración das condicións que se tivesen en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.3.l da LXS, logo da solicitude suficientemente xustificada, que se deberá presentar antes de que remate o prazo de execución inicialmente concedido. En ningún caso se permitirá variar na modificación do proxecto o obxecto e a finalidade deste.*



- O órgano competente para conceder estas axudas poderá acordar a modificación da resolución a instancia da entidade beneficiaria, para o que deberán cumprirse, en todo caso, os requisitos recollidos no artigo 64 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS).
- A modificación só será posible no caso de que non se altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión, non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas nin se varíe o destino ou a finalidade da subvención.

En ningún caso o menor custo de execución do proxecto subvencionado poderá supoñer unha execución deficiente deste, e a entidade beneficiaria da subvención deberá cumprir as condicións da concesión e a finalidade ou obxectivos para os cales se lle concedeu a axuda.

Décimo oitava. Compatibilidade con outras subvencións

As subvencións que se concedan no marco destas bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas para a mesma finalidade, sempre que o importe destas, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actuación subvencionada, agás para o caso doutras axudas outorgadas pola Deputación para a mesma finalidade.

Para estes efectos e de conformidade co disposto nos artigos 14.1.d da LXS e 33 do RLXS, unha das obrigas da persoa beneficiaria é comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

Décimo novena. Perda do dereito de cobro e/ou reintegro

Procederase ao reintegro e/ou á perda do dereito de cobro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, de conformidade con estas bases, nos termos fixados na normativa de subvencións e, de modo particular, nos artigos 36 e seguintes da LXS.

Ademais das xerais, as seguintes serán causas específicas de perda do dereito de cobro ou reintegro, total ou parcial, das subvencións outorgadas:

- Incumprir a normativa de subvencións.
- Non cumprir as condicións e as obrigas asumidas no outorgamento da subvención.
- Incumprir os obxectivos fixados na memoria do investimento.
- Non presentar en tempo e en forma a documentación xustificativa ou presentala de xeito incompleto.
- Non pagar os xustificantes de gasto das actuacións subvencionadas no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción dos fondos correspondentes coa subvención concedida.
- Non presentar nos prazos establecidos o xustificante bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado, de acordo co disposto na base décimo quinta.

Vixésima. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.



Vixésimo primeira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que as persoas interesadas declaren nas súas solicitudes para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven. A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable” dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal> e no consentimento das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento, segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Anexos da convocatoria e modelos de presentación de documentación

Todos os modelos normalizados para solicitar estas subvencións estarán dispoñibles na Sede electrónica da Deputación (<https://sede.depo.gal>).

2. Ordenar a publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

3.37032.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A AGOLADA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA 2025 DO INVESTIMENTO “RECUPERACIÓN E HUMANIZACIÓN DA PRAZA ALAMEDA DE BRANTEGA E O SEU ENTORNO” (Expte. 2026010820)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



- En data 27/03/2026 o Pleno da Corporación Provincial en sesión ordinaria, por acordo número 5.8616, aproba a concesión dunha subvención ao concello de AGOLADA que importa 500.000,00 euros co obxecto de financiar a actuación denominada “RECUPERACION E HUMANIZACION DA PRAZA ALAMEDA DE BRANTEGA E O SEU ENTORNO” (exp: 2025072868) encadrado dentro do Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2025, cun orzamento de 588.235,29 euros, quedando configurada a súa financiación tal é como se indica na seguinte táboa:

Orzamento	SUBVENCIÓN PLAN EXTRA 2025	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	ACHEGA MUNICIPAL
588.235,29	500.000,00	0,00	88.235,29

- En data 26/02/2026, mediante rexistro WEB2026012714, formalmente e en prazo, emendado o 27/02/2026, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de AGOLADA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 88.235,29 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2025 do investimento “RECUPERACION E HUMANIZACION DA PRAZA ALAMEDA DE BRANTEGA E O SEU ENTORNO” (exp.: 2026010820), cuxo orzamento ascende a 588.235,29 euros.

Deste modo, o financiamento da petición do Concello de AGOLADA queda configurado tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención-€- Plan +Provincia 2026-2027	Plan / Programa
2026	588.235,29	88.235,29	500.000,00 (Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2025)

- O orzamento de 588.235,29 euros contempla 570.085,29 euros de execución de obra, 11.858,00 euros de honorarios de redacción de proxecto, 3.872,00 euros de honorarios de dirección de obra e 2.420,00 euros de coordinación de seguridade e saúde.
- Consta no expediente vinculado ao expediente 2026010820 , o proxecto cos seguintes pronunciamentos favorables:
 - ✓ Ditame da Comisión de Expertos (10/03/2026)
 - ✓ Informe da Intervención Provincial (13/03/2026)
 - ✓ Ditame da Comisión Informativa de Cooperación (20/03/2026)
 - ✓ Autorización plenaria mediante acordo núm. 5.8616 (27/03/2026)



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª.
- Non obstante, a concesión queda condicionada a que o concello achegue coa primeira xustificación do investimento subvencionado a correspondente autorización sectorial, conforme ao establecido na base 24ª do Plan.
- Precisar que a subvención que se conceda rexerese polas normas reguladoras do plan que se co-financia, agás no referido aos prazos de execución e xustificación, que se rexerán polo plan que contemple o prazo mais restritivo.
- Toda a documentación relativa a este investimento consta no Servizo de Cooperación no seguinte expediente.
 - o 2025072868 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2025; código SIA 3146152.
 - o Exp.: 2025061321 Convocatoria subvencións de concorrencia competitiva Plan Extra 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu punto 2ª establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os diferentes informes e ditames que avalan o proxecto, así como o informe do xefe do servizo de Cooperación, de data 09/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 30/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de AGOLADA, CIF: P3602000F, unha subvención por importe de 88.235,29€ co obxecto do financiamento da achega municipal do Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2025, do investimento “RECUPERACION E HUMANIZACION DA PRAZA ALAMEDA DE BRANTEGA E O SEU ENTORNO” (exp: 2026010820), cuxo orzamento ascende a 588.235,29 euros.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial correspondente que estaba pendente no momento da concesión da subvención. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 26/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- A execución e xustificación deste investimento rexerese polas normas do plan que se co-financia, Plan Provincia Extraordinaria-PLAN EXTRA 2025 aprobado por acordo plenario núm. 2.8272 de 18/10/2024 (BOPPO nº206 do 22/10/2024).
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de AGOLADA, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.37033.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BARRO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026 (LIÑA 3) (Expte.2026021992)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025, punto núm.4.8555, aprobou as Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 02/01/2026.
- 2) Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello, se ben, unha vez comunicadas as débedas pendentes coa Deputación, poderase proceder de oficio á súa detracción, polo que neses casos o importe definitivo será calculado tendo en conta a detracción que se efectúe.



- 3) De conformidade co disposto no Capítulo III das Bases, con cargo á Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026) será subvencionable a contratación laboral de persoas desempregadas para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais, de interese xeral e social, segundo a normativa aplicable, sempre que cumpran os requisitos esixidos.
- 4) Ao abeiro da Liña 3 (Programa de activación do emprego 2026), recibíuse unha solicitude de subvención coas seguintes características:

CONCELLO DE BARRO					
Data de presentación:		23/03/2026 (registro WEB2026022539)			
Datas emendas:		06/04/2026 (registro WEB2026028827) 27/04/2026 (registro WEB2026036247) 28/04/2026 (registro WEB2026036646)			
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
7	<i>1 peón de transporte (en xeral) en xornada de 35 h./sem. durante 11,07 meses; 1 condutor/a (en xeral) a xornada completa durante 10,40 meses; 1 peón de obra pública en xornada de 35 h./sem. durante 10,33 meses; 1 mantedor/a de edificios educativos e 3 peóns de parques e xardíns en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses</i>	113.395,89 €	113.395,89 €	14.347,43 €	99.048,46 €

- 5) A solicitude do concello referenciado respecta en todo caso o importe máximo da cantidade que lle corresponde a cada concello (detráidas no seu caso as débedas contraídas coa Deputación). Na aplicación 2026/942.9425.462.03 existe crédito suficiente para facer fronte a este gasto.

CONCELLO DE BARRO	
LIÑA 3: importe máximo da subvención que se pode destinar a esta liña	99.048,46 €

- 6) Xúntase a relación valorada da solicitude, calculándose o importe da subvención segundo a petición do beneficiario en base ao custo das contratacións e tendo en conta o número de traballadores, a duración das contratacións e o tipo de xornada a realizar (completa ou parcial). A subvención comprende o custo salarial e a cotización á seguridade social, da contratación das persoas desempregadas que reúnan os requisitos esixidos (calquera que sexa a categoría profesional), respectando o salario mínimo interprofesional por traballador (importe proporcional ás horas traballadas) que se atope en vigor en cada momento ou as retribucións que resulten aplicables en atención á categoría profesional da persoa traballadora, complementando o concello, no seu caso, a cantidade que sexa necesaria ata acadar os salarios que correspondan por categoría profesional.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Réxime Xurídico:

- De conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), as subvencións que se arbitren a favor dos concellos a través dos programas de axudas referidos na base primeira rexeranse polas bases do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027.
- Con todo, para o non previsto nelas, aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS); a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDEPPO); e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo.- Consideracións xurídicas:

I.- Instrución do expediente:

- A Base Oitava do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 dispón que o procedemento de concesión destas subvencións será o de concorrencia non competitiva; e, así mesmo, segundo o disposto na base Décimo Quinta, a instrución do procedemento de concesión correspóndelle ó Servizo de Cooperación, que realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

II.- Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que o órgano instrutor poderá solicitar todos os informes que considere convenientes ou necesarios para o correcto outorgamento das subvencións.

III.- Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 da LXS polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención
- Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 16^a.2^a do orzamento que sinala que o órgano competente para a autorización e disposición deste gasto é a Xunta de Goberno.
- Bases de execución 25^a.2^a e 4^a do orzamento provincial que regulan o procedemento de concesión e a compensación de débedas de entidades locais.
- Base Décimo Quinta das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente segundo a natureza do gasto e da fiscalización da Intervención.
- Capítulo III das Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027 que sinalan a necesaria documentación para a válida concesión da subvención, os requisitos dos servizos para os que se van contratar aos traballadores, así como os gastos subvencionables.

CONCLUSIÓNS:

Primeiro.- Esta solicitude foi presentada en prazo e achégase a documentación precisa para a súa valoración.

Segundo.- En canto ás funcións para as que se contratarán ós traballadores, de acordo coas memorias achegadas, consisten en servizos de interese xeral e social. O importe da subvención solicitada non excede do importe máximo de financiamento do plan nin a cantidade máxima da liña 3, segundo o disposto nas bases Quinta, Sexta e Sétima, asignada a cada concello.

Terceiro.- As cantidades que resultan subvencionables calcúlanse en base ás solicitudes realizadas polo concello, tendo en conta o límite mínimo do Salario Mínimo Interprofesional por traballador e tomando como referencia por defecto unha xornada completa de 37,5 horas semanais. No caso de que as contratacións de desempregados se efectúen por un importe inferior de horas das estipuladas para un contrato a xornada completa, o importe subvencionable mínimo reducirase proporcionalmente en función das horas traballadas.

En consecuencia, son os interesados os que sinalan o importe a subvencionar na súa solicitude, que poderá exceder o SMI en razón das obrigas legais ou por convenio existentes. Os beneficiarios asumen o compromiso de afrontar a cantidade complementaria non subvencionada.

Cuarto.- Unha vez concedida a subvención, os concellos poderán solicitar o pago anticipado segundo o establecido na base Cuadraxésimo Oitava do Capítulo III. Asemade, deberán xustificar as subvencións concedidas de conformidade ó establecido na citada base e tendo en conta o disposto en relación ás obrigas do beneficiario, especialmente en canto á publicidade.



Quinto.- De conformidade co disposto no Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, as contratacións deberán realizarse pola modalidade do contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ao abeiro do recollido na disposición adicional novena do Texto refundido da Lei de emprego, e serán dados de alta na Seguridade Social cos códigos 405 e 505, segundo a contratación sexa a tempo completo ou parcial. Todos os contratos deben iniciarse a partir do 1 de xaneiro de 2026 e finalizarán como máximo o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso a subvencionabilidade dos contratos poida exceder este período. As contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable, que limitará en todo caso a aplicación do réxime de posibles substitucións ou modificacións da resolución ou acordo de concesión da subvención previsto nas Bases reguladoras.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: SRD6G6LNTBSABROT) e do informe de Intervención (CSV: O4UCYE1GGT965YD2), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a concesión dunha subvención ao Concello de Barro (CIF P3600200D) segundo a táboa anexa, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao abeiro do Programa de activación do emprego da Deputación de Pontevedra 2026 (LIÑA 3) para a contratación dos traballadores e categorías laborais que se relacionan no mesmo, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.9425.462.03:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Barro (P3600200D)	7	<i>1 peón de transporte (en xeral) en xornada de 35 h./sem. durante 11,07 meses; 1 condutor/a (en xeral) a xornada completa durante 10,40 meses; 1 peón de obra pública en xornada de 35 h./sem. durante 10,33 meses; 1 mantedor/a de edificios educativos e 3 peóns de parques e xardíns en xornada de 35 h./sem. durante 6 meses</i>	99.048,46 €



- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego entre persoas desempregadas, inscritas como demandantes non ocupadas e dispoñibles para o emprego, e que reúnan os requisitos establecidos nas bases do Plan +Provincia 2026-2027 no referente á liña 3, especificamente na base Cuadraxésima Terceira.
- En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.
- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do día seguinte ó da finalización do período máximo subvencionable (31 de decembro de 2026) cómpre presentar na sede electrónica da institución provincial a documentación xustificativa que se indica na base Cuadraxésimo Oitava das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida conforme ao establecido no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

5.37034.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CALDAS DE REIS, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “PROXECTO DE AMPLIACIÓN DO ESPAZO DEPORTIVO NAS CORTICEIRAS” (Expte. 2026000432)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025.
- As subvencións outórganse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).



- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Caldas de Reis o importe que lle corresponde é de 135.452,65€.
- En data 03/01/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2026000274) dunha petición do Concello, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 135.452,65€ ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Proxecto de ampliación do espazo deportivo nas Corticeiras”, cun orzamento de 224.348,59€ e unha achega de 88.895,94€, a presente subvención queda condicionada a aportación da aprobación do proxecto, da acta de trazado previo así como da autorización sectorial de augas de Galicia.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 06/03/2026.
- Así mesmo 10/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 22/04/2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID)



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Caldas de Reis relativa ao financiamento do investimento denominado “Proxecto de ampliación do espazo deportivo nas Corticeiras” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 135.452,65 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Caldas de Reis, CIF P3600500G a cantidade de 135.452,65 € con destino ao financiamento do investimento “Proxecto de ampliación do espazo deportivo nas Corticeiras” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 224.348,59€ e unha achega de 88.895,94€, a presente subvención queda condicionada a aportación da aprobación do proxecto, da acta de trazado previo así como da autorización sectorial de augas de Galicia. A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello do Caldas de Reis, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

6.37035.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR REINVESTIMENTO DA BAIXA TEÓRICA E BAIXA DEFINITIVA AO CONCELLO DE CALDAS DE REIS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “RENOVACIÓN DE PAVIMENTOS E REDE DE PLUVIAIS NO CAMIÑO SAN MARTIÑO, ARCOS DA CONDESA” (Expte. 2025079880)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria, do día 28 de novembro de 2025 por acordo 5.8542 prorroga os prazos para solicitar as subvencións por cambios de finalidade ou reinvestimentos de baixa, así como os prazos de execución e xustificación do Plan + Provincia 2024 – Liña 1, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 232 do 03/12/2025.
- A base trixésimo primeira das reguladoras do Plan + Provincia 2024, lexítima que o concello poida pedir o reinvestimento das baixas producidas coa adxudicación do contrato sen necesidade de esperar a certificación final ou a certificación liquidación e á xustificación total do investimento. Para isto, o órgano de contratación deberá comprometerse expresamente a financiar, con fondos propios do concello, os incrementos de custo derivados da posible tramitación dun modificado, dun exceso de medición ou das asistencias técnicas non contempladas no acordo ou na resolución de adxudicación. As baixas teóricas determinadas coa adxudicación dos investimentos deben ser reinvestidas na súa totalidade. As baixas teóricas determinadas coa adxudicación dos investimentos deben ser reinvestidas na súa totalidade. Con carácter excepcional atribúeselle á Presidencia a competencia para resolver, co fin de axilizar a tramitación destes expedientes.
- Mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 4.34049 de data 19/07/2024, concedeuse unha subvención, ao abeiro da liña 1 do Plan + Provincia 2024, por importe de 199.310,28 € ao concello de CALDAS DE REIS co obxecto do financiamento do investimento “SANEAMENTO DE RESIDUAIS EN A IGREXA (SAIAR)” (expediente: 2024021649), cun orzamento polo mesmo importe. Unha vez xustificada a actuación conséntase un remanente a favor do concello que importe 14.910,05 €.
- Mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 26.33784, do 10/05/2024, concedeuse subvención, ao abeiro da liña 1 do Plan + Provincia 2024, por importe de 403.358,47 € ao concello de CALDAS DE REIS co obxecto do financiamento do investimento “SANEAMENTO DE RESIDUAIS EN SOUTELO DE ABAIXO. FASE I” (Expte. 2024022238), cun orzamento polo importe de 403.358,47€.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026002088 de data 12/03/2026 autorízase deixar en dispoñible a baixa teórica de adxudicación da actuación “SANEAMENTO DE RESIDUAIS EN SOUTELO DE ABAIXO. FASE I” que importa 75.670,05 €, trala petición formulada polo Concello de querer aplicar esta baixa a financiación dun novo investimento.
- Neste contexto, en data 10/12/2025, por rexistro WEB2025084401, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, petición do concello de CALDAS DE REIS na que solicita, formalmente, o reinvestimento da baixa definitiva e da baixa teórica indicada anteriormente, cuxo importe total ascende a 90.580,10 €, no financiamento dunha nova actuación “RENOVACION DE PAVIMENTOS Y RED DE PLUVIALES EN EL CAMINO SAN MARTIÑO, ARCOS DA CONDESA”, cun orzamento por importe de 90.864,88 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2024	90.864,88	90.580,10	0,00	284,78



- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade do ben sobre o que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais, achegando a autorización sectorial da Consellería de Cultura precisa para executar a actuación.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación requirida.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnica competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Base 31ª das reguladoras do PLAN + PROVINCIA 2024, que dispón que o Concello pode solicitar o reinvestimento das baixas teóricas, cuxo importe individual ou acumulado acade os dez mil (10.000,00) €, no financiamento dun único investimento, salvo baixas superiores a vinte mil (20.000,00) € no que operará o límite establecido na base décimo novena, sen necesidade de esperar a certificación final ou a certificación de liquidación e a xustificación do investimento.

A baixa teórica debe ser reinvestida na súa totalidade e o órgano de contratación do Concello deberá comprometerse expresamente a financiar, con fondos propios, o incremento de custo derivado da posible tramitación dun modificado, dun exceso de medición ou das asistencias técnicas non contempladas no acordo ou na resolución de adxudicación. As baixas teóricas determinadas coa adxudicación dos investimentos deben ser reinvestidas na súa totalidade.

O reinvestimento das baixas teóricas requirirá a autorización expresa da Deputación, con carácter excepcional atribúeselle á Presidencia a competencia para resolver, co fin de axilizar a tramitación destes expedientes.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 19/12/2026, e do xefe do servizo de Cooperación de data 09/04/2026 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 22/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de CALDAS DE REIS CIF P3600500G a cantidade de 90.580,10 €, por reinvestimento da baixa teórica e definitiva, con destino ao financiamento do investimento “RENOVACION DE PAVIMENTOS Y RED DE PLUVIALES EN EL CAMINO SAN MARTIÑO, ARCOS DA CONDESA” (Exp.:2025079880) cun orzamento polo importe de 90.864,88 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello -€
2024	90.864,88	90.580,10	0,00	284,78

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 26/942.9425.762.45.24 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8103 de 29/12/2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 de 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deben estar executados o 30 de setembro de 2026 e xustificados o 31 de outubro de 2026, en base a prórroga do Plan + Provincia 2024 publicada no BOPPO núm. 232 de 03 de decembro de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de CALDAS DE REIS , á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



7.37036.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A ESTRADA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA - PLAN+PROVINCIA 2026-2027” (Expte. 2026018354)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 12/03/2026, mediante rexistro WEB2026019196, rectificada na data 28/04/2026 WEB2026036640, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do *concello da Estrada* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 172.387,77 €, co obxecto do financiamento do investimento “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA - PLAN+PROVINCIA 2026-2027” (expediente 2026018354), en base a un orzamento polo importe de 172.387,77 €.
- O *Concello*, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso de fondos entre as diferentes liñas.
- Consta no expediente o informe da secretaría xeral do *Concello* relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre a normativa sectorial.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

No obstante, na data de presentación da solicitude de subvención estaban pendentes de outorgamento a autorización sectorial do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, de achegas municipais para o financiamento de investimentos incluídos noutros plans, programa o convenios.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 16/03/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 29/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 29/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello da Estrada, NIF: P3601700B, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, unha subvención por importe de 172.387,77 euros, co obxecto do financiamento da actuación “*MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA - PLAN+PROVINCIA 2026-2027*” (expediente 2026018354), con base nun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 na que existe crédito para facer fronte á anualidade 2026 e para o que se emitiu o documento.
- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado, incluído na anualidade 2026, deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello da Estrada*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.37037.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE ALAMA, NO MARCO DO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MEJORAS EN EL PABELLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE A LAMA” (Expte.2025082724)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 3 de outubro de 2025.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.2025.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2024).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2025008123 de data 07/10/2025 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de A Lama o importe que lle corresponde é de 90.814,27€.
- En data 29/12/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025087563) dunha petición do Concello, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 90.814,27€ ao abeiro do III PEID, con destino ao financiamento do investimento denominado “Melloras en el pavillón polideportivo municipal de A Lama”, cun orzamento de 90.814,27 € dos cales 5.720,57€ son de honorarios e 85.093,95€ de execución de obra.



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do III PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 16/03/2026.
- Así mesmo, o 17/03/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable con data 13/04/2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do III PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do III PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do III PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do III PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de A Lama relativa ao financiamento do investimento denominado “Melloras no pavillón polideportivo municipal de A Lama” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do III PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 90.814,27€.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.



Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de A Lama, CIF P3602500E, a cantidade de 90.814,27€ con destino ao financiamento do investimento “Melloras no pavillón polideportivo municipal de A Lama” ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 90.814,27 € dos cales 5.720,57€ son de honorarios e 85.093,95€ de execución de obra.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID III (BOPPO núm. 189, de 3/10/2025) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95.2025 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de A Lama, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

9.37038.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MARÍN, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027, LIÑA 1-INVESTIMENTOS, PARA O FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO INVESTIMENTO “CREACIÓN DUNHA SENDA PEONIL ACCESIBLE E SEGURA NA ESTRADA DO PAZO, EN ARDÁN” (ACHEGA AO PLAN EXTRA 2025) (Expte. 2026010269)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026001127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).
- Con data 27/03/2026, o Pleno Provincial mediante acordo núm. 5.8616 outorgou ao Concello de Marín unha subvención por importe de 604.501,51 €, ao abeiro do Plan Extra 2025. O destino desta axuda é o financiamento do investimento “CREACIÓN DUNHA SENDA PEONIL ACCESIBLE E SEGURA NA ESTRADA DO PAZO, EN ARDÁN”(expdte 2025072967), cuxo orzamento total ascende á contía de 863.573,59 euros. A achega municipal fíxase en 259.072,08 €.



- Con data 25/02/2026, con núm. de rexistro WEB2026012129, en prazo e forma, o Concello de Marín solicitou con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición do Plan + Provincia 2026-2027, unha subvención, por importe de 259.072,08 €. O obxecto de dita petición é o financiamento da achega municipal ao Plan Extra 2025 do investimento “CREACIÓN DUNHA SENDA PEONIL ACCESIBLE E SEGURA NA ESTRADA DO PAZO, EN ARDÁN”(expdte 2026010269).

Deste modo, o financiamento da petición do Concello de Marín queda configurado tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Anualidade	Subvención	Plan / Programa
863.573,59	2025	604.501,51	Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2025 - expediente: 2025072967
	2026	259.072,08	Plan + Provincia 2026-2027 anualidade 2026

- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, constando incorporada a documentación sinalada na base 29ª.
- A integridade do expediente administrativo queda garantida mediante a vinculación dos seguintes rexistros no Servizo de Cooperación:
 - o 2025072967 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2025; código SIA 3146152; núm. rexistro entrada inicial na Deputación WEB2025076213 de 04/11/2025.
 - o 2025061321 Convocatoria do subvencións de concorrencia competitiva Plan Extra 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.



- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.



- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu apartado 2º faculta a inclusión no Plan, de investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter, a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación, de data 30/03/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 27/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de Marín, CIF: P3602600C, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 259.072,08 euros, co obxecto de financiar a achega municipal para o investimento “CREACIÓN DUNHA SENDA PEONIL ACCESIBLE E SEGURA NA ESTRADA DO PAZO, EN ARDÁN” (Achega ao Plan Extra 2025) (expdte 2026010269). O orzamento total da actuación cífrase en 863.573,59 euros; o financiamento complétase cunha subvención de 604.501,51 euros xa concedida ao concello no marco do Plan Extra 2025, mediante acordo do Pleno núm. 5.8616 do 27/03/2026.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- A licitación, execución e xustificación do investimento rexeráse polas normas do Plan que se cofinancia, é dicir, o Plan Extra 2025, consonte ao estipulado na base 25ª do Plan + Provincia 2026-2027.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de Marín, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.37039.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MARÍN, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027, LIÑA 1-INVESTIMENTOS, PARA O FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA ESCOLA DE TIRO NAVAL JANER E MELLORA DA ACCESIBILIDADE A FINCA DE BRIZ” (ACHEGA AO PLAN EXTRA 2024) (Expte.2026002479)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de 26/12/2025 (acordo núm. 4.8555), aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), publicadas no BOPPO núm. 1, de 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, determinouse a repartición de fondos por concello e liña de actuación. A disposición efectiva do crédito queda supeditada á presentación da solicitude, fiscalización da documentación e instrución do procedemento regulado no Capítulo I (Liña 1 - Investimentos).
- Por acordo plenario núm. 3.8370, de 07/03/2025, concedéuselle ao Concello de Marín unha subvención de 1.100.000,00 € ao abeiro do Plan Extra 2024, para o proxecto “HUMANIZACIÓN DA RÚA ESCOLA DE TIRO NAVAL JANER E MELLORA DA ACCESIBILIDADE Á FINCA DE BRIZ” (expte. 2024077077). O orzamento total da actuación ascende a 1.581.329,29 €, correspondendo á entidade local un co-financiamento de 481.329,29 €.
- O acordo plenario núm. 5.8396, de 25/04/2025, modificou a base 5ª do Plan Extra, facultando aos concellos para financiar a súa achega municipal nas anualidades 2025-2026 con cargo ás asignacións do Plan + Provincia correspondente.
- Con data 13/01/2026 (registro WEB2026001783), o Concello de Marín solicitou formalmente, dentro do Plan + Provincia 2026-2027, unha subvención de 308.799,66 € destinada a cubrir parte do seu cofinanciamento no proxecto mencionado (expte. 2026002479). O resto da achega municipal (172.529,63€) prevese financiar mediante FONDOS EDIL.



Deste modo, o financiamento do investimento queda configurado tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento- €	Anualidades	Subvención-€	Plan / Programa
1.581.329,29	2024	1.100.000,00	Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2024
		172.529,63	FONDOS EDIL
	2026	308.799,66	Plan + Provincia 2026-2027, anualidade 2026

- Con data 02/03/2026 (registro de entrada 2026014049), o Concello de Marín presentou unha actualización do proxecto técnico da actuación “HUMANIZACIÓN DA RÚA ESCOLA DE TIRO NAVAL JANER E MELLORA DA ACCESIBILIDADE Á FINCA DE BRIZ”. Esta modificación responde á necesidade de dar cumprimento ás prescricións da autorización sectorial de Patrimonio, sen que isto supoña alteración do ámbito, do obxecto da actuación ou da contía do orzamento. O proxecto conta co informe favorable da Comisión de Expertos emitido o 12/03/2026, e foi aprobado polo Pleno da Corporación mediante o acordo núm. 12.8623 de data 27/03/2026.
- Tras a revisión da solicitude, verificase que cumpre cos requisitos formais esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, constando a documentación preceptiva sinalada na base 29ª.
- A integridade do expediente administrativo queda garantida mediante a vinculación dos seguintes rexistros no Servizo de Cooperación:
 - o Expte. principal: 2024077077 (Plan Extra).
 - o Código SIA: 3146152.
 - o Rexistro de entrada inicial: WEB2024072913 (22/11/2024).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)



- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.



- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu punto 2ª establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre se que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación, de data 30/03/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 28/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de Marín, CIF: P3602600C, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 308.799,66 €, co obxecto de financiar a achega municipal para o investimento “HUMANIZACIÓN DA RÚA ESCOLA TIRO NAVAL JANER E MELLORA DA ACCESIBILIDADE A FINCA DE BRIZ” (Achega ao Plan Extra 2024) (expdte 2026002479). O orzamento total da actuación cífrase en 1.581.329,29 euros; o financiamento complétase cunha subvención de 1.100.000,00 € xa concedida ao concello no marco do Plan Extra 2024, mediante acordo do Pleno núm. 3.8370 do 07/03/2025 e cunha achega dos Fondos EDIL, por importe de 172.529,63 €.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- A licitación, execución e xustificación do investimento rexeráse polas normas do Plan que se cofinancia, é dicir, o Plan Extra 2024, consonte ao estipulado na base 25ª do Plan + Provincia 2026-2027.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de Marín, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

11.37040.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOAÑA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027, LIÑA 1-INVESTIMENTOS, PARA O FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO EXERCICIO 2026 AO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN DA CONTORNA HISTÓRICA DE SAN MARTIÑO” (ACHEGA PLAN EXTRA 2024) (Expte. 2026002526)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de 26/12/2025 (acordo núm. 4.8555), aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), publicadas no BOPPO núm. 1, de 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, determinouse a repartición de fondos por concello e liña de actuación. A disposición efectiva do crédito queda supeditada á presentación da solicitude, fiscalización da documentación e instrución do procedemento regulado no Capítulo I (Liña 1 - Investimentos).
- Por acordo do Pleno da Deputación núm. 3.8370, de 07/03/2025, concedéuselle ao Concello de Moaña unha subvención de 900.000,00 € ao abeiro do Plan Extra 2024, para a actuación “HUMANIZACIÓN DA CONTORNA HISTÓRICA DE SAN MARTIÑO”. O orzamento inicial cifrouse en 1.274.486,10 €, asumindo a entidade local un co-financiamento de 374.486,10 €. A tal efecto, con data 01/04/2025, o Concello solicitou formalmente distribuír dita achega en dúas anualidades 2025 e 2026.
- O 25/04/2025, o Pleno aprobou cadansúa modificación das bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 (acordo 4.8395) e do Plan Extra 2024 (acordo 5.8396). Estas modificacións facultaron aos concellos para financiar o seu co-financiamento municipal nas anualidades 2025-2026 con cargo ás asignacións dos plans provinciais correspondentes.
- Ao abeiro do anterior, o Concello de Moaña acordou financiar a súa achega ao Plan Extra 2024 en dúas anualidades; 184.064,48 euros con cargo ao Plan + Provincia 2025 (concedidos en data 31/07/2025 mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 6.35494) e 190.421,62 euros con cargo ao Plan +Provincia 2026.



- Con data 07/01/2026, mediante rexistro WEB2026000805, o Concello de Moaña presentou en prazo e forma, unha solicitude ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 190.421,62 € co obxecto do financiamento da achega municipal do exercicio 2026 ao investimento “HUMANIZACIÓN DA CONTORNA HISTÓRICA DE SAN MARTIÑO” (expdte 2026002526).

Deste modo, o financiamento do investimento queda configurado tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento- €	Anualidades	Subvención-€	Plan / Programa
1.274.486,10	2024	900.000,00	Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2024
	2025	184.064,48	Plan + Provincia 2025
	2026	190.421,62	Plan + Provincia 2026- 2027, anualidade 2026

- Con data 19/11/2025 (rexistro WEB2025079901), presentouse un proxecto actualizado para incorporar os requirimentos técnicos da Deputación e da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Esta actualización supuxo unha minoración de 5.774,71 € no orzamento total, fixándose o custo final da actuación en 1.268.711,39 €. O proxecto actualizado foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial mediante acordo núm. 3.8572 de 30/01/2026.

Como consecuencia da minoración do orzamento, o Concello de Moaña debe emendar a subvención solicitada ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, anualidade 2026, para evitar que a suma total das subvencións exceda o custo total da actuación subvencionada.

- Con data 25/03/2026, mediante rexistro WEB2026023693, o Concello de Moaña presenta na sede electrónica da Deputación a solicitude de subvención ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, anualidade 2026, corrixida quedando o financiamento da obra “HUMANIZACIÓN DA CONTORNA HISTÓRICA DE SAN MARTIÑO” (expdte 2026002526) estruturado do modo seguinte:

Orzamento- €	Anualidades	Subvención-€	Plan / Programa
1.268.711,39	2024	900.000,00	Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2024
	2025	184.064,48	Plan + Provincia 2025
	2026	184.646,91	Plan + Provincia 2026- 2027, anualidade 2026



- Tras a revisión da solicitude, verificase que cumpre cos requisitos formais esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, constando a documentación preceptiva sinalada na base 29ª. Así mesmo, procede a modificación do acordo de concesión do exercicio 2025 para axustar o orzamento da actuación ano novo proxecto autorizado, mantendo inalterada a contía da subvención.
- A integridade do expediente administrativo queda garantida mediante a vinculación dos seguintes rexistros no Servizo de Cooperación:
 - o 2025021115 do Plan + Provincia 2025; código SIA 2249895; núm. rexistro entrada inicial na Deputación WEB2025024515 de 01/04/2025.
 - o 2024076249 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra; código SIA 3146152; núm. rexistro entrada inicial na Deputación WEB2024072035 de 20/11/2024.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu punto 2ª establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación, de data 26/03/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 27/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de Moaña, CIF: P3602900G, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 184.646,91 euros, co obxecto de financiar a achega municipal da anualidade do 2026 para o investimento “HUMANIZACIÓN DA CONTORNA HISTÓRICA DE SAN MARTIÑO” (expdte 2026002526). O orzamento total da actuación ascende a 1.268.711,39 euros, quedando o financiamento do investimento proposto distribuído segundo se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento- €	Anualidades	Subvención-€	Plan / Programa
1.268.711,39	2024	900.000,00	Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2024
	2025	184.064,48	Plan + Provincia 2025
	2026	184.646,91	Plan + Provincia 2026- 2027, anualidade 2026

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Modificar o acordo da Xunta de Goberno núm. 6.35494 do 31/07/2025, polo que se concedía unha subvención no marco do Plan + Provincia 2025 para o financiamento da anualidade do 2025 do devandito investimento, aos efectos de axustar o orzamento de referencia ao novo proxecto autorizado polo Pleno, mantendo inalterada a contía da subvención concedida (184.064,48 €).
- A licitación, execución e xustificación do investimento rexerese polas normas do Plan que se co financia, é dicir, Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2024, consonte ao estipulado na base 25ª do Plan + Provincia 2026-2027.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de Moaña, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



12.37041.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOS, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADES 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA - PLAN EXTRA 2024 DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN PEREIRAS-TAMEIGA” (Expte.2026024819)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de 26/12/2025 (acordo núm. 4.8555), aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), publicadas no BOPPO núm. 1, de 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, determinouse a repartición de fondos por concello e liña de actuación. A disposición efectiva do crédito queda supeditada á presentación da solicitude, fiscalización da documentación e instrución do procedemento regulado no Capítulo I (Liña 1 - Investimentos).
- Por acordo do Pleno da Deputación núm. 3.8370, de 07/03/2025, concedéuselle ao Concello de Mos unha subvención de 900.000,00 € ao abeiro do Plan Extra 2024, para a actuación “HUMANIZACIÓN PEREIRAS-TAMEIGA”. O orzamento cifrouse en 1.494.888,91 €, asumindo a entidade local un co-financiamento de 594.888,91 €.
- O 25/04/2025, o Pleno aprobou cadansúa modificación das bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 (acordo 4.8395) e do Plan Extra 2024 (acordo 5.8396). Estas modificacións facultaron aos concellos para financiar o seu co-financiamento municipal nas anualidades 2025-2026 con cargo ás asignacións dos plans provinciais correspondentes.
- Ao abeiro do anterior, o Concello de Mos acordou financiar a súa achega ao Plan Extra 2024 en dúas anualidades; 300.000,00 euros con cargo ao Plan + Provincia 2025 (concedidos en data 21/04/2025 mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 6.35094) e 294.888,91 euros con cargo ao Plan +Provincia 2026. Esta última contía quedou supeditada a formalización da solicitude no momento procedimental oportuno, unha vez se producira a apertura do prazo do devandito exercicio.
- Con data 30/03/2026, mediante rexistro WEB2026025751, o Concello de Mos presentou en prazo e forma, unha solicitude ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, na que solicita, con cargo a cantidade que lle corresponde na repartición unha subvención, por importe de 294.888,91 euros co obxecto do financiamento da achega municipal do exercicio 2026 ao investimento “HUMANIZACIÓN PEREIRAS-TAMEIGA” (expdte 2026024819).



Deste modo, o financiamento do investimento queda configurado tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento- €	Anualidades	Subvención-€	Plan / Programa
1.494.888,91	2024	900.000,00	Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2024
	2025	300.000,00	Plan + Provincia 2025
	2026	294.888,91	Plan + Provincia 2026- 2027, anualidade 2026

- Tras a revisión da solicitude, verificase que cumpre cos requisitos formais esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, constando a documentación preceptiva sinalada na base 29ª.
- A integridade do expediente administrativo queda garantida mediante a vinculación dos seguintes rexistros no Servizo de Cooperación:
 - o 2025021341 do Plan + Provincia 2025; código SIA 2249895; núm. rexistro entrada inicial na Deputación WEB2025024740 de 02/04/2025.
 - o 2024077432 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra; código SIA 3146152; núm. rexistro entrada inicial na Deputación WEB2024072936 de 22/11/2024.
 - o 2024062370 Convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu punto 2ª establece que se poderán incluír no Plan investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 03/04/2025, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 09/04/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 28/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de MOS NIF P3603300I, ao abeiro da Liña 1 do Plan + Provincia 2026-2027, unha subvención por importe de 294.888,91 euros co obxecto do financiamento da achega municipal do Plan Provincia Extraordinaria PLAN EXTRA 2024 “HUMANIZACIÓN PEREIRAS-TAMEIGA” (expediente 2026024819), cun orzamento global de 1.494.888,91.

Deste modo, o financiamento do investimento queda configurado tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento- €	Anualidades	Subvención-€	Plan / Programa
1.494.888,91	2024	900.000,00	Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra 2024
	2025	300.000,00	Plan + Provincia 2025
	2026	294.888,91	Plan + Provincia 2026- 2027, anualidade 2026

Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, a prórroga da autorización sectorial da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, o acordo da aprobación do proxecto e á acreditación da titularidade das tres parcelas pendentes de expropiación, sendo imprescindible que se achegue dita documentación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- A execución e xustificación do investimento rexerese polas normas do Plan Extra 2024, de acordo co establecido na base nº 25 das reguladoras do Plan Máis Provincia 2026-2027, agás no referido ós prazos de execución e xustificación, que se rexerán polo plan que contemple o prazo máis restritivo.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Mos*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

13.37042.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE AS NEVES, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027, LIÑA 1-INVESTIMENTOS, PARA O FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO INVESTIMENTO “URBANIZACIÓN DO POLÍGONO ÚNICO DA ÁREA DE REPARTICIÓN UE-1/2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DAS NEVES” (ACHEGA AO PLAN EXTRA 2025) (Expte.2026017560)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026001127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).
- Con data 27/03/2026, o Pleno Provincial mediante acordo núm. 5.8616 outorgou ao Concello das Neves unha subvención por importe de 423.476,94 euros, ao abeiro do Plan Extra 2025. O destino desta axuda é o financiamento do investimento “URBANIZACIÓN DO POLÍGONO ÚNICO DA ÁREA DE REPARTICIÓN UE-1/2 DO PXOM DO CONCELLO DAS NEVES”(expdte 2025071988), cuxo orzamento total ascende á contía de 498.208,16 euros (desagregados do modo seguinte: 466.824,97 euros de execución material; 23.537,39 euros de asistencia técnica á dirección obra e 7.845,80 euros coordinación de seguridade e saúde), a achega municipal fíxase en 74.731,22 euros.



- Con data 06/03/2026, con núm. de rexistro WEB2026016829, en prazo e forma, o Concello das Neves solicitou con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición do Plan + Provincia 2026-2027, unha subvención, por importe de 74.731,22 euros. O obxecto de dita petición é o financiamento da achega municipal ao Plan Extra 2025 do investimento “URBANIZACIÓN DO POLÍGONO ÚNICO DA ÁREA DE REPATCIÓN UE-1/2 DO PXOM DO CONCELLO DAS NEVES” (expdte 2026017560).
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, constando incorporada a documentación sinalada na base 29ª.
- A integridade do expediente administrativo queda garantida mediante a vinculación dos seguintes rexistros no Servizo de Cooperación:
 - o 2025071988 do Plan Provincia Extraordinaria- Plan Extra 2025; código SIA 3146152; núm. rexistro entrada inicial na Deputación WEB2025075350 de 30/10/2025.
 - o 2025061321 Convocatoria do subvencións de concorrencia competitiva Plan Extra 2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a referida base 19ª no seu apartado 2º faculta a inclusión no Plan, de investimentos en obras de carácter bienal, plurianual ou que, sen ter este carácter, a súa execución ou financiamento poida comprender máis dun exercicio, nos que a fonte principal de financiamento son as subvencións concedidas pola Deputación a través doutros plans ou os fondos concedidos por outras Administracións Públicas, de modo que a subvención solicitada mediante o Plan + Provincia 2026-2027 é empregada polo Concello para financiar a súa achega económica.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.



- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención. A devandita base 29ª dispón que no caso de se solicitar subvencións para financiar a achega municipal para investimentos integrados noutros plans (Plan Extra...), o Concello non estará obrigado a presentar aquela documentación que xa conste no Servizo de Cooperación, sempre que indique o día, o número de rexistro de entrada na Sede electrónica da Deputación e o procedemento no que se presentou.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación, de data 09/04/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 27/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello das Neves, CIF: P3603400G, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 74.731,22 euros, co obxecto de financiar a achega municipal para o investimento “URBANIZACIÓN DO POLÍGONO DA ÁREA DE REPARTICIÓN UE-1/2 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DAS NEVES” (expdte 2026017560). O orzamento total da actuación cífrase en 498.208,16 euros; o financiamento complétase cunha subvención de 423.476,94 euros xa concedida ao concello no marco do Plan Extra 2025, mediante acordo do Pleno núm. 5.8616 do 27/03/2026.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Non obstante, a eficacia da presente concesión queda condicionada a que o Concello achegue, coa primeira xustificación da axuda, a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio, o acordo (ou resolución) de aprobación do proxecto técnico e a acta de trazado previo. Deberá acreditar, así mesmo, a titularidade dos terreos nos que se vai desenvolver o investimento.
- A licitación, execución e xustificación do investimento rexeráse polas normas do Plan que se cofinancia, é dicir, o Plan Extra 2025, consonte ao estipulado na base 25ª do Plan + Provincia 2026-2027.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello das Neves, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



14.37043.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1- INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “HUMANIZACIÓN E PEONALIZACIÓN DA RÚA ESPERANZA” (Expte.2026004844)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 29/01/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026005478), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do concello de VILAGARCÍA DE AROUSA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 416.855,51 euros, con destino ao financiamento “HUMANIZACIÓN E PEONALIZACIÓN DA RÚA ESPERANZA”, cun orzamento por importe de 416.855,51 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2026	416.855,51	416.855,51	0,00	0,00

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar así como acta de cesión dos terreos precisos para levar a cabo a execución da actuación; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas (achega dita autorización).

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29^a, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 26/03/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 26/03/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 23/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao concello de VILAGARCÍA DE AROUSA CIF: P3606000B, ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1-investmentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 416.855,51 euros, co obxecto do financiamento do investimento “HUMANIZACIÓN E PEONALIZACIÓN DA RÚA ESPERANZA” (exp.2026004844), cuxo orzamento ascende a 416.855,51 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Achegas doutras administracións	Fondos propios concello
2026	416.855,51€	416.855,51€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de VILAGARCÍA DE AROUSA, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

15.37044.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTO CORRENTE DERIVADO DA PROGRAMACIÓN CULTURAL, DEPORTIVA E SOCIAL” (Expte.2026021596)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm.4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 16/03/2026, con rexistro núm. WEB2026020173, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Vilagarcía de Arousa na que solicita unha subvención por importe de 127.072,90 euros con destino ao financiamento de “Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social” (Expte.:2026021596), cun orzamento polo mesmo importe.
- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2026 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
IX Festival Internacional de Música ClasClas	30.000,00 €	30.000,00 €
Espectáculo Combate Naval Vilagarcía 2026	47.154,78 €	47.154,78 €
Programa de habilidades socioemocionais para a mellora de convivencia	8.748,30 €	8.748,30 €
Proxecto de acción social a través do teatro aforo	5.154,60 €	5.154,60 €
Proxecto de prevención de problemáticas socioeducativas en contornas dixitais	4.235,00 €	4.235,00 €
Proxecto de Prevención da ludopatía en menores	3.690,50 €	3.690,50 €



Programa para fomentar a igualdade de xénero	13.689,72 €	13.689,72 €
Proxecto Activate - Taller estimulación cognitiva e psicomotriz	14.400,00 €	14.400,00 €
TOTAL	127.072,90 €	127.072,90 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 24/03/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 16/04/2026 (subsanoado con dilixencia de corrección de erro no importe de data 24/04/2026), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Vilagarcía de Arousa, CIF:P3606000B, a cantidade de 127.072,90 €, con destino ao financiamento de “Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social” (Expte.2026021596), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, aprobadas por acordo núm.4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Vilagarcía de Arousa, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.



16.37045.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE REDONDELA, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “SUBMINISTRO DE ELECTRICIDADE EN ALTA E BAIXA TENSIÓN DO CONCELLO DE REDONDELA” (Expte. 2026019313)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm.4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 16/03/2026, con rexistro núm. WEB2026020134, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Redondela na que solicita unha subvención por importe de 107.132,10 euros con destino ao financiamento de “*Subministro de electricidade en alta e baixa tensión do Concello de Redondela*” (Expte.: 2026019313), cun orzamento polo mesmo importe.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

Resolución do expediente

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 18/03/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 16/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Redondela, CIF:P3604500C, a cantidade de 107.132,10 euros, con destino ao financiamento de “Subministro de electricidade en alta e baixa tensión do concello de Redondela” (Expte.:2026019313), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.462.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.



- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, aprobadas por acordo núm.4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Redondela, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.

17.37046.- AUTORIZACIÓN CAMBIO DE PROXECTO QUE REXERÁ A EXECUCIÓN DO INVESTIMENTO “MELLORAS DO ASFALTADO EN VÍAS MUNICIPAIS DAS NEVES: RAVELO (TORTOREOS), FRAGUA (BATALLÁNS) E RIBARTEME (VIDE)”, CONCELLO DE AS NEVES (Expte.2024019114)

Mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 11.33703, do 26/04/2024, outorgouse ao Concello das Neves, ao abeiro do Plan +Provincia 2024, unha subvención por importe de 111.275,87 €. Dita contía destínase ao financiamento da actuación denominada "Melloras do asfaltado en viais municipais das Neves: Ravelo (Tortoreos), Fragua (Batalláns) e Ribarteme (Vide)" (Expte. 2024019114), axustándose ao orzamento de execución presentado.

A eficacia da concesión quedou supeditada á obtención das autorizacións sectoriais preceptivas do Servizo Provincial de Patrimonio Cultural (Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude), do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible, e da Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Así mesmo, requiriuse a presentación do acordo de aprobación do proxecto e da acta de trazado previo (Anexo III).

Con data 24/03/2026, tivo entrada na sede electrónica da Deputación (Rexistro WEB2026022724) unha instancia xenérica do Concello das Neves. A través deste trámite, a entidade local achega o proxecto técnico refundido da intervención referida e solicita formalmente a continuación da súa tramitación administrativa.

O documento técnico refundido obxecto de análise integra as especificacións e requirimentos técnicos formulados nas autorizacións sectoriais, en concreto da Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Cómpre sinalar que as modificacións introducidas non alteran a tipoloxía da obra inicialmente aprobada nin supoñen variación ningunha no orzamento total da actuación.



O proxecto refundido conta co informe de supervisión favorable emitido polos servizos técnicos do Servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Acordo Pleno núm. 5.8542 de 28/11/2025.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, sempre que a solicitude se presente antes da licitación do investimento, se axuste algunha das circunstancias contempladas na devandita base e non prexudique dereitos de terceiros.
- Acordo Plenario núm. 5.8542 de 28/11/2025, publicado no BOPPO núm. 232 de 03/12/2025, que modifica a base 34ª relativa á xustificación da subvención. Este acordo Plenario sinala que os investimentos subvencionados incluídos no Plan + Provincia 2024, deben estar executados a 30/09/2026 e xustificados a 31/10/2026.

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 07/04/2026, e do Xefe do servizo de Cooperación de data 28/04/2026 que conclúen favorablemente a autorización do proxecto reformulado e do informe da Intervención provincial, de data 29/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o cambio de proxecto que rexerá a execución do investimento “Melloras do asfaltado en vias municipais das Neves: Ravelo (Tortoreos), Fragua (Batalláns) e Ribarteme (Vide)” (Expte. 2024019114). O proxecto achegado con data 25/03/2026 con CSV 32UKM51XWV5O3SEB, que integra os requirimentos contemplados nas autorizacións sectoriais, substitúe ao presentado o 20/03/2024 con CSV UU3BMIEB9OPRSVEI. As modificacións introducidas non alteran a tipoloxía da obra inicialmente aprobada nin supoñen variación ningunha no orzamento total da actuación.
- Convén lembrar que o Concello deberá achegar, coa primeira xustificación, a autorización sectorial da Confederación Hidrográfica Miño-Sil e que, consonte ao acordo do Pleno núm. 5.8542 do 28/11/2025, o investimento deberá estar executado o 30/09/2026 e xustificado a 31/10/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Da traslado do presente acordo ao Concello das Neves , á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

18.37047.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 7004 ALTO DA CRUZ-SANTELES, DENDE O P.Q. 0+000 AO P.Q. 2+325 E DENDE O P.Q. 3+700 AO P.Q. 5+500. CONCELLO DE A ESTRADA". (EXPTE. 2026010349)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.



Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 7004 ALTO DA CRUZ-SANTELES que percorre o termo municipal de A Estrada pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 5.488 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario proceder a unha intervención integral destinada á mellora da seguridade e da funcionalidade da mesma nos treitos comprendidos entre os P.Q. 0+000 ao 2+325 e do 3+700 ao 5+500, a fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria redáctase polo enxeñeiro D. César Paredes Rodríguez en data xaneiro 2026 o proxecto “Mellora da seguridade viaria na E.P. 7004 Alto da Cruz-Santeles, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+325 e dende o P.Q. 3+700 ao P.Q. 5+500. Concello da Estrada”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polo enxeñeiro César Paredes Rodríguez, adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 7004 Alto da Cruz-Santeles, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+325 e dende o P.Q. 3+700 ao P.Q. 5+500. Concello da Estrada”, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 431.787,91 euros IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: Z1I53LNL6KZZ4KLS

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 7004 Alto da Cruz-Santeles, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+325 e dende o P.Q. 3+700 ao P.Q. 5+500. Concello da Estrada”

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 12026000057554 por importe de 431.787,91 euros con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente informe de fiscalización do proxecto favorable CSV: 95S2PCM5DGXY1Y4W.

Considerando.- Que a esixencia de informe de supervisión non é preceptiva dado que non se superan os límites establecidos no art. 235 da LCSP e as actuacións non afectan á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.



Considerando.- Que de acordo coa clasificación establecida no artigo 232 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP), as obras do presente proxecto inclúense no grupo c) Obras de conservación e mantemento ao tratarse dunha obra de renovación do firme e as reparacións necesarias nel son consecuencia do natural ou normal uso das estradas.

Considerando.- Que polo carácter e ámbito das obras, que delimitáanse exclusivamente a plataforma da estrada, no dominio público viario titularidade desta Deputación, unicamente a nivel superficial, mellorando a drenaxe e pavimentación do firme existente en un viario completamente consolidado non se fan necesarias autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, consonte o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: "...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...".

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 7004 Alto da Cruz-Santeles, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+325 e dende o P.Q. 3+700 ao P.Q. 5+500. Concello da Estrada", redactado polo enxeñeiro César Paredes Rodríguez, adscrito ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 431.787,91 euros IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: Z1I53LNL6KZZ4KLS.



19.37048.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS "HUMANIZACIÓN E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA RÚA CAMPO DA FEIRA, NO ENTORNO DA CASA CONSISTORIAL. CONCELLO DE MEAÑO". (EXPTE. 2025076411)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Resultando.- Que por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 9303 Meaño-Dena, que transcorre polo Concello de Meaño. Está categorizada como rede local no catálogo de estradas provinciais.

Resultando.- Que nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “Humanización e mellora da seguridade viaria na Rúa Campo da Feira, no entorno da Casa Consistorial”, no termo municipal de Meaño, co fin de realizar unha replanificación profunda e conceptual en materia de mobilidade dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 0+100 da E.P. 9303 Meaño – Dena (Rúa Campo da Feira), buscando en todo momento fomentar a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polo arquitecto Ángel Jaime Santorio Cuartero, o proxecto de execución da obra “Humanización e mellora da seguridade viaria na Rúa Campo da Feira, no entorno da Casa Consistorial. Concello de Meaño” cun orzamento base de licitación de 454.288,45 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: 6HCYLJ1HO2CJ55H4.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Humanización e mellora da seguridade viaria na Rúa Campo da Feira, no entorno da Casa Consistorial. Concello de Meaño”.

Resultando.- Que aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.02.2025, dentro do proxecto de gasto código nº 2025055818, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, estando retido mediante documentos RC nº 12026000013140 e nº 12026000013305, por importe de 318.001,91 € e 136.286,54 € respectivamente.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 13/03/2026 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Humanización e mellora da seguridade viaria na Rúa Campo da Feira, no entorno da Casa Consistorial. Concello de Meaño”, redactado pola polo arquitecto Ángel Jaime Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación de 454.288,45 € IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: 6HCYLJ1HO2CJ55H4.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: H50KG4NN6I10AWKN, informe emitido pola Secretaría Xeral, no que se recolle o seguinte: “...*Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente...*”.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: PSLUBCZEP3ERYW1K informe de fiscalización do expediente, no que se recolle o seguinte: “...*Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...*”



Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”.

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante”.

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato...”.

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *Humanización e mellora da seguridade viaria na Rúa Campo da Feira, no entorno da Casa Consistorial. Concello de Meaño* cun orzamento base de licitación de 454.288,45 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	375.445,00 euros
IVE (21%).....	78.843,45 euros
Importe Total.....	454.288,45 euros



2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): 2IUMDUIMSJOC45PU, e de prescricións técnicas con código (CSV) 6HCYLJ1HO2CJ55H4, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 454.288,45 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.02.2025, dentro do proxecto de gasto código nº 2025055818.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

20.37049.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 0601 PORTOSANTO-CAMPELO-PO-308, DENDE O P.Q. 2+410 AO P.Q. 3+510. CONCELLO DE POIO". (EXPTE.2026016419)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Resultando.- Que por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.



Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 0601 Portosanto - Campelo - PO-308, que transcorre polo concello de Poio. Está categorizada como rede local no catálogo de estradas provinciais.

Resultando.- Que nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0601 Portosanto-Campelo-PO-308, dende o P.Q. 2+410 ao P.Q. 3+510. Concello de Poio”, no termo municipal de Poio.

Resultando.- Que con data 12/06/2025 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Poio o convenio de colaboración para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0601 Portosanto-Campelo-PO 308, dende o P.Q. 2+410 ao P.Q. 3+510”.

Resultando.- Que recolle o citado convenio que as obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Oia nas cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	1.463.734,02 euros	80
Concello de Poio	365.933,50 euros	20
TOTAL OBRAS	1.829.667,52 euros	100

Resultando.- Que recolle tamén o convenio que lle corresponde á Deputación a redacción do proxecto e a licitación dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a tal fin redactouse por D. José P Gosende Tuñas, enxeñeiro adscrito á empresa Ingeniería del Noroeste, S.L., o proxecto de construción “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0601 Portosanto-Campelo-PO-308, dende o P.Q. 2+410 ao P.Q. 3+510. Concello de Poio”, cun orzamento base de licitación de 1.829.667,52 euros IVE engadido. A este proxecto asignóuselle o código CSV: XT8YJG5TUZH2WCQC.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 27 de febreiro de 2026 acordou aprobar definitivamente o proxecto construtivo de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0601 Portosanto-Campelo-PO-308, dende o P.Q. 2+410 ao P.Q. 3+510. Concello de Poio”.

Resultando.- Que na súa consecuencia, mediante providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade que consta no expediente con CSV: 3DSDZ7M0YP6O67PY, solicítase a tramitación do expediente de contratación para a adxudicación do contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0601 Portosanto-Campelo-PO-308, dende o P.Q. 2+410 ao P.Q. 3+510. Concello de Poio”.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: EWTCJ1O695LFVWYO, informe da SECRETARÍA XERAL da Deputación de Pontevedra, no que se recolle o seguinte: “...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos art. 122 da LCSP e 67 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, informándose o expediente de xeito favorable, se ben deberanse ter en conta os prazos para o inicio da obra sinalados nas autorizacións sectoriais outorgadas...”.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: T78UJAEXQD4EAHSI, informe de fiscalización do expediente, no que se recolle o seguinte: “...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”.

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”.

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante”.

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato...”.

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “A adjudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”.

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adjudicación previstos no prego non haxa ningún evaluábel mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0601 Portosanto-Campelo-PO-308, dende o P.Q. 2+410 ao P.Q. 3+510. Concello de Poio*” cun orzamento base de licitación de 1.829.667,52 euros IVE engadido de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	1.512.121,92 euros
IVE (21%).....	317.545,60 euros
Importe Total.....	1.829.667,52 euros

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): 809G4B2TL4BERS1, e de prescricións técnicas con código (CSV) XT8YJG5TUZH2WCQC, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 1.829.667,52 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.02.2025 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

21.37050.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA DRENAXE NA E.P. 5003 A CANIZA-ARBO DENDE O P.Q. 9+706 AO 10+116. CONCELLO DE ARBO". (EXPTE. 2026006522)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.



Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 5003 A CANIZA-ARBO que percorre o termo municipal de Arbo pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 12.352 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario proceder a reposición do drenaxe, no treito comprendido entre os p.q. 9+706 ao 10+116, sendo este, dun total de 410 metros de lonxitude, que discorre de xeito íntegro polo Concello de Arbo, a fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse pola enxeñeira Dona Andrea Otero Otero, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra “Mellora da drenaxe na E.P. 5003 A Caniza-Arbo dende o P.Q. 9+706 ao 10+116. Concello de Arbo”, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 290.663,51 euros IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: ZS2XJCBG6PUM7QBZ.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da drenaxe na E.P. 5003 A Caniza-Arbo dende o P.Q. 9+706 ao 10+116. Concello de Arbo”.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC número 12026000041283 por importe de 290.663,51 euros con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 27/03/2026 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da drenaxe na E.P. 5003 A Caniza-Arbo dende o P.Q. 9+706 ao 10+116. Concello de Arbo”, redactado pola enxeñeira Dona Andrea Otero Otero, adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 290.663,51 euros IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: ZS2XJCBG6PUM7QBZ.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: RR98JR23K7ZR4MEL, informe emitido polo Secretario Xeral da Deputación no que se recollen unha serie de observación que deben de ser subsanadas.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 6VS8EZXNK85NFSAC, informe emitido polo director do Servizo de Infraestruturas e Vías provinciais aclarando as observacións recollidas no informe da Secretaría Xeral.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: YGAXQQF8XZEWLJKX, informe de fiscalización do expediente, que recolle o seguinte: *“...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”*

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*.

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que *“Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante”*.



Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato...”.

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”.

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da drenaxe na E.P. 5003 A Caniza-Arbo dende o P.Q. 9+706 ao 10+116. Concello de Arbo*” cun orzamento base de licitación de 290.663,51 euros IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	240.217,78 €
IVE (21%).....	150.445,73 €
Importe Total	290.663,51 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): X106ZNICN2YPDDXT, e de prescricións técnicas con código (CSV) ZS2XJCBG6PUM7QBZ, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 290.663,51 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.



4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

22.37051.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 6201 RODEIRO-VILELA, DENDE O P.Q. 0+000 AO P.Q. 2+380 E NA E.P. 6202 RODEIRO-OSEIRA, DENDE O P.Q. 5+652 AO P.Q. 5+980 (CONCELLO DE RODEIRO)". (EXPTE.2025056465)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que as estradas E.P. 6201 RODEIRO-VILELA e a E.P. 6202 RODEIRO-OSEIRA que percorren o termo municipal de Rodeiro pertencen á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 7.074 e 11.741 metros respectivamente.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que nas devanditas estradas, comprendido entre os P.Q. 0+000 ao 2+380 da EP-6201 e os P.Q. 5+652 ao 5+980 da EP-6202, resulta necesario executar unha serie de actuacións de mellora da seguridade viaria a fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polo enxeñeiro xefe da sección de conservación da zona norte do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Paredes Rodríguez, o proxecto de "Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)", cun orzamento base de licitación de 523.547,46 € IVE incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: GSTT1GCR3NUQCBKH.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras "Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)".



Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 523.547,46 € con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial, certificando a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 21/11/2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)” redactado por D. César Paredes Rodríguez, enxeñeiro xefe da sección de conservación da zona norte do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra. O proxecto ten un orzamento base de licitación de 523.547,46 € IVE engadido e asinóuselle o código CSV: GSTT1GCR3NUQCBKH.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19 de decembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato para execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de xaneiro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 29/01/2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980. (Concello de Rodeiro).

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U
- FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- NAROM, S.L.
- UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.-ASFALTOS GALAICOS, S.L.



Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o Director do Servizo de Infraestruturas Públicas, D. César Aja Chao con data 17 de febreiro de 2026, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	21,00	3,00	24,00
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	20,00	2,00	22,00
HORDESCON, S.L.	12,00	2,00	14,00
NAROM, S.L.	18,00	3,00	21,00
UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ASFALTOS GALAICOS, S.L.	18,00	2,00	20,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas Públicas, D. César Aja Chao, de data 17 de febreiro de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)".

Resultando.- Que na mesma reunión procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, deste procedemento.



Resultando.- Que os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	Oferta económica	Control calidade	Prazo de garantía	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	376.218,61 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	391.838,02 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	430.044,48 €	1,00%	12 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	413.689,03 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.-ASFALTOS GALAICOS, S.L.	414.511,13 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que a continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas, detectando que as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U., e FRANCISCO GÓMEZ Y CIA, S.L. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Resultando.- Que as empresas CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U, e FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L., presentaron dentro do prazo, a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2026013243) e (REX_WEB2026012642) xustificación da súa oferta, polo dando traslado da mesma ós Servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas para que emitiran o preceptivo informe.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: E3USYCCL9R7MM6WD e CSV: CV5XFV2GHC05KKJA informes do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías provinciais, no que se recolle en relación ás ofertas presentadas por CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U, e FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L que non xustifican de forma correcta a oferta económica desproporcionada (baixa temeraria) presentadas polas mesmas, e non deben ser tidas en consideración no proceso de adxudicación da obra.



Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 26/03/2026, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

Licitadores	Valoración económica	Prazo de garantía	Control calidade	Certificados 9001/14001	Puntuación sobre "b"
HORDESCON, S.L.	0,61	0,00	0,00	5,00	5,61
NAROM, S.L.	4,39	5,00	5,00	5,00	19,39
UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.-ASFALTOS GALAICOS, S.L.	4,20	5,00	5,00	5,00	19,20

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)" que queda da seguinte forma:

Posición	Licitadores	Puntuación Sobre "A"	Puntuación Sobre "B"	Puntuación Total
1	NAROM, S.L.	21,00	29,94	50,94
2	UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ASFALTOS GALAICOS, S.L.	20,00	29,33	49,33
3	HORDESCON, S.L.	14,00	7,12	21,12

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor 3. Propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)" á empresa NAROM, S.L. (B36163418), por un importe de 500.563,73 € IVE engadido.



Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa NAROM, S.L. (B36163418), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm. 2260) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida NAROM, S.L. para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 20.684,45 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 16/04/2026 con número de operación 12026000069578.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: *“...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”*.

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa TPF Getinsa Euroestudios, S.L. (B84840685), o Lote 1 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na providencia de inicio do expediente, á empresa TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L. (B84840685), para a adxudicación do Contrato baseado Lote 1 AM seguridade e saúde na obra Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro), por un importe estimado de 3.827,52 €.

Considerando.- O informe de fiscalización do contrato emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) OHWJISKD5ZXLCO0Q.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir do procedemento as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U. e FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L., pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa NAROM, S.L. (B36163418), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oscira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)”, por un importe de 500.563,73 €, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	413.689,03 €
IVE (21%)	86.874,70 €
Importe Total.....	500.563,73 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 26/456.4530.612.02.2025 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025056465.



3. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez.
4. Adxudicar á empresa TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L. (B84840685) o Contrato baseado Lote 1 AM seguridade e saúde na obra Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro (Exppte 2025059384) , por un importe de 3.827,52 € e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	3.163,24 €
IVE (21%).....	664,28 €
Importe Total.....	3.827,52 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2025059384.

23.37052.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9703 VILANOVA DE AROUSA-PONTE ARNELAS, DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 2+530, E NA E.P. 9701 BAIÓN-ANDRÁS, DO P.Q. 8+800 AO P.Q. 9+218. (CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA)". (EXPTE.2025069652)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.



Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que as estradas E.P. 9703 VILANOVA DE AROUSA-PONTE ARNELAS e a E.P. 9701 BAIÓN-ANDRÁS que percorren o termo municipal de Vilanova de Arousa pertencen á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 5.493 e 9.218 metros respectivamente.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que nas devanditas estradas, comprendido entre os P.P.Q. 0+000 e P.Q. 2+530 da EP.9703 VILANOVA DE AROUSA – PONTE ARNELAS, e os P.Q. 8+800 e P.Q. 9+218 da E.P. 9701 BAIÓN – ANDRÁS, sendo a actuación dun total de 2.948,00 metros de lonxitude, resulta necesario proceder á reposición do firme existente mediante fresado e posterior extensión dunha capa de mestura bituminosa en quente, mellorar a drenaxe superficial do treito mediante a execución de cunetas transitables de formigón, en diferentes treitos ao longo da totalidade do ámbito de actuación, con entubación das cunetas mediante execución dunha nova rede de pluviais para evacuar as choivas os días de fortes precipitacións, así como mellorar a sinalización horizontal e vertical da vía, co fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse por D. Jaime Ruibal de Sola, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, o proxecto de execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. (Concello de Vilanova de Arousa)”, cun orzamento base de licitación de 1.286.642,71 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: MYL4HPD1L1OV90PA.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. (Concello de Vilanova de Arousa)”.



Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC número 12026000011315 por importe de 1.286.642,71 € con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 12/12/2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. (Concello de Vilanova de Arousa)”, redactado por D. Jaime Ruibal de Sola, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, cun orzamento base de licitación de 1.286.642,71 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: MYL4HPD1L1OV90PA.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato para execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. Concello de Vilanova de Arousa”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de febreiro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 05/003/2026 procedeu á electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. Concello de Vilanova de Arousa".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.



- CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado. Resultando.- Que o Xefe de Sección de Proxectos, D. Jaime David Ruibal de Sola e o Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 24 de marzo de 2026, elaboraron un informe conxunto relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABALLO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTAIS	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	10,00	3,00	13,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	18,00	2,00	20,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	16,00	2,00	18,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	18,00	3,00	21,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	3,00	23,00
HORDESCON, S.L.	12,00	2,00	14,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	22,00	3,00	25,00
NAROM, S.L.	18,00	2,00	20,00
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	12,00	2,00	14,00



Resultando.- Que a Mesa de Contratación en base ó informe conxunto do Xefe de Sección de Proxectos, D. Jaime David Ruibal de Sola e do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 24 de marzo de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. Concello de Vilanova de Arousa.

Resultando.- Que na mesma reunión procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, deste procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	967.800,00 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	948.500,25 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	979.337,14 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	973.382,42 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	961.685,67 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	1.029.845,84 €	2,00%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	956.368,97 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	1.019.293,71 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	1.063.213,48 €	3,00%	36 MESES	SI	NO

Resultando.- Que a continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. e CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.



Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Resultando.- Que a empresa MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., presentou dentro do prazo, a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2026030428) xustificación da súa oferta, polo dando traslado da mesma ós Servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas para que emitiran o preceptivo informe.

Resultando.- Que non consta, que unha vez finalizado o prazo, a empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., presentara xustificación algunha do súa oferta.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 7OX3L80S8PMEVDR5 informe do director do Servizo de Infraestruturas, no que se recolle o seguinte: *“...considérase que a empresa MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. (MARCONSA) non xustifica suficientemente a oferta económica con valores anormais ou desproporcionados (baixa temeraria) presentada pola mesma, e non debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra....”*.

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 23/04/2026, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACION SOBRE “B”
CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	29,92	5,00	5,00	5,00	44,92
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	26,63	5,00	5,00	5,00	41,63
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	28,33	5,00	5,00	5,00	43,33
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	31,67	5,00	5,00	5,00	46,67
HORDESCON, S.L.	10,94	5,00	2,50	5,00	23,44
NAROM, S.L.	14,39	5,00	5,00	5,00	29,39



Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. (Concello de Vilanova de Arousa)” que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	46,67	69,67
2	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	21,00	43,33	64,33
3	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	18,00	41,63	59,63
4	CONSTRUCCIONES CALDEVERGAZO, S.L.	13,00	44,92	57,92
5	NAROM, S.L.	20,00	29,39	49,39
6	HORDESCON, S.L.	14,00	23,44	37,44
7	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	14,00	15,04	29,04

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. (Concello de Vilanova de Arousa)” á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (A36008886) por un importe de 1.163.639,66 € IVE engadido.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comprobou que a empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., figura inscrita no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 182) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 48.084,28 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 29/04/2026 con número de operación 12026000085148.



Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”.

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á Atenea Seguridad y Medio Ambiente, S.A. (A82876905), o Lote 2 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na providencia de inicio do expediente, á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (A82876905) para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. (Concello de Vilanova de Arousa)" por un importe estimado de 4.767,34 €.

Considerando.- O informe de fiscalización do contrato emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) A6LZJCARHTBY64B9 no que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025, dentro do proxecto de gasto código nº 2025069652, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 12026000011331.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir do procedemento as ofertas presentadas polas empresas MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROUSA, S.L. e CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.. pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (A36008886) , o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. (Concello de Vilanova de Arousa)”, por un importe de 1.163.639,66 €, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	961.685,67 euros
IVE (21%)	201.953,99 euros
Importe Total.....	1.163.639,66 euros

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025069652.

1. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola.



2. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (A82876905) o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9703 Vilanova de Arousa-Ponte Arnelas, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+530, e na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 8+800 ao P.Q. 9+218. (Concello de Vilanova de Arousa)" (Expte 2025071547), por un importe de 4.767,34 € e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	3.939,95 euros
IVE (21%).....	827,39 euros
Importe Total.....	4.767,34 euros

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2025071547.

24.37053.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL ENTRE OS PP.QQ. 0+000 E 2+500 DA E.P. 0002 MARCO-TOMEZA-FIGUEIRIDO (CONCELLO DE PONTEVEDRA)". (Expte.2025026484)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.



Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Resultando.- Que por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Resultando.- Que nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido”, no termo municipal de Pontevedra.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido, que transcorre polos Concellos de Pontevedra e Vilaboa.

Resultando.- Que o itinerario consta de 2500 m de lonxitude, ao longo do cal se contemplan obras de pavimentación da estrada, construción dunha senda peonil de formigón coloreado de 2,50 m de largo mínimo na marxe dereita da estrada, implantación de zonas de convivencia onde non sexa posible acadar ese largo mínimo, a mellora do sistema de drenaxe de augas pluviais e a reposición de aqueles servizos afectados pola execución das obras. Todo elo ten por obxecto acondicionar e mellorar as características da estrada en beneficio da seguridade viaria e da mobilidade peonil.

Resultando.- Que con data 21/12/2023 formalizouse entra a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra, convenio de colaboración para a execución da obra “Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra)”.

Resultando.- Que recolle o citado convenio que as obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e polo Concello de Pontevedra mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

ORGANISMO	ACHEGA	%
Deputación Pontevedra	1.379.608,62 €	80
Concello Pontevedra	344.902,16 €	20
TOTAL CONVENIO	1.724.510,78 €	100

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 1.724.510,78 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.02.2023, do vixente orzamento provincial, certificando e existencia de crédito para facer fronte a este gasto.



Resultando.- Que recolle tamén o convenio que lle corresponde á Deputación de Pontevedra a redacción do proxecto técnico, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que o Pleno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 29 de novembro de 2024, acordou aprobar definitivamente o proxecto construtivo de “Mellora da mobilidade peonil entre os pp.qq. 0+000 e 2+500 da EP-0002 Marco–Tomeza–Figueirido (Concello de Pontevedra)” cun orzamento de 1.724.510,78€ IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o CSV: DJMV12FW0KZHG2FH.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra)”.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 31 de xullo de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra)”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20 de agosto de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 11/09/2025 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra)”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.



- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 2 de marzo de 2026, emitiu un informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABALLO	PLAN DE ACTUACIÓN MEDIAMBIENTAIS	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	12,00	2,00	14,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	20,00	2,00	22,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	14,00	2,00	16,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	16,00	2,00	18,00
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	3,00	25,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	2,00	18,00
HORDESCON, S.L.	12,00	2,00	14,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	16,00	2,00	18,00
NAROM, S.L.	16,00	3,00	19,00
ORESAS CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	16,00	2,00	18,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	12,00	2,00	14,00



Resultando.- Que a Mesa de Contratación en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, de data 2 de marzo de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra)”.

Resultando.- Que na mesma reunión procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, deste procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

Licitadores	Sobre B				
	Oferta Económica	Control Calidade	Prazo de Garantía	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
Construcciones Castro Figueiro, S.L.U.	1.294.665,78 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
Construcciones E.C. Casas, S.L.	1.304.784,81 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
Construcciones Fechi S.L.U.	1.290.817,70 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
Construcciones Y Obras Taboada Y Ramos, S.L.U.	1.322.172,44 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
Construccions Obras E Viais, S.A.	1.259.035,39 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
Excavaciones Y Construcciones Manuel Perez Portela, S.L.	1.306.495,07 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
Hordeson, S.L.	1.308.205,33 €	3,00%	12 MESES	SI	SI
Movimientos De Aridos Y Construcciones De Arosa, S.L.	1.319.607,05 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
Narom, S.L.	1.311.483,32 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
Oresa Construcion Y Servicios Globales, S.L.	1.308.205,33 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que a continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.



Resultando.- Que a empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A., presentou dentro do prazo, a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2026022747) xustificación da súa oferta, polo dando traslado da mesma ós Servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas para que emitiran o preceptivo informe.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 3SV3K50Y0W1J7Y4R informe do director do Servizo de Infraestruturas, no que se recolle o seguinte: “...considerase que a empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A. NON xustifica suficientemente a oferta económica con valores anormais ou desproporcionados (baixa temeraria) presentada pola mesma, e NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra...”.

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 16/04/2026, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

Licitadores	Valoración Económica	Prazo de Garantía	Control Calidade	Certificados 9001/14001	Puntuación Sobre “B”
Construcciones Castro Figueiro, S.L.U.	28,13	5,00	5,00	5,00	43,13
Construcciones E.C. Casas, S.L.	25,89	5,00	5,00	5,00	40,89
Construcciones Fechi S.L.U.	28,99	5,00	5,00	5,00	43,99
Construcciones Y Obras Taboada Y Ramos, S.L.U.	22,14	5,00	5,00	5,00	37,14
Excavaciones Y Construcciones Manuel Perez Portela, S.L.	25,51	5,00	5,00	5,00	40,51
Hordescon, S.L.	25,14	0,00	5,00	5,00	35,14
Movimientos De Aridos Y Construcciones De Arosa, S.L.	22,69	5,00	5,00	5,00	37,69
Narom, S.L.	24,43	5,00	5,00	5,00	39,43
Oresa Construcción Y Servicios Globales, S.L.	25,14	5,00	5,00	5,00	40,14



Resultando.- Que na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra), que queda da seguinte forma:

Posición	Licitadores	Puntuación Sobre "A"	Puntuación Sobre "B"	Puntuación Total
1	Construcciones E.C. Casas, S.L.	22,00	40,89	62,89
2	Construcciones Fechi S.L.U.	16,00	43,99	59,99
3	Excavaciones Y Construcciones Manuel Perez Portela, S.L.	18,00	40,51	58,51
4	Narom, S.L.	19,00	39,43	58,43
5	Oresa Construccion y Servicios Globales, S.L.	18,00	40,14	58,14
6	Construcciones Castro Figueiro, S.L.U.	14,00	43,13	57,13
7	Movimientos de Aridos y Construcciones De Arosa, S.L.	18,00	37,69	55,69
8	Construcciones y Obras Taboada y Ramos, S.L.U.	18,00	37,14	55,14
9	Hordescan, S.L.	14,00	35,14	49,14

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra)” á empresa CONSTRUCCIONES E. C. CASAS S.L., (B36147429) por un importe de 1.578.789,62 € IVE engadido.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comprobou que a empresa CONSTRUCCIONES E. C. CASAS S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 2804) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES E.C CASAS, S.L. para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 65.239,24 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 29/04/2026 con número de operación 12026000085146.



Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: *“...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”*.

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIOAMBIENTE, S.L. o Lote 2 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na providencia de inicio do expediente á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEIDOAMBIENTE, S.L., para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra)", por un importe estimado de 8.480,08 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) Z3UYFQINDUS6RPEHno que se recolle que na aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.02, dentro do proxecto de gasto código nº 2022060068, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 12025000197521.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir deste procedemento a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (CIF B36533537), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra), por un importe de 1.578.789,62 € de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	1.304.784,81 €
IVE (21%)	274.004,81 €
Importe Total.....	1.578.789,62 €



O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de DEZ (10) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución. Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4560.612.02.2023 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025026484.

3. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. José Domínguez Fernández.
4. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIAMBIENTE, S.A. (CIF A82876905), o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da mobilidade peonil entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomeza-Figueirido (Concello de Pontevedra)" (Expte 2025069610), por un importe de 8.480,08 € IVE engadido, e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	7.008,33 €
IVE (21%).....	1.471,75 €
Importe Total.....	8.480,08 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 26/456.4530.612.02.2025 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2025069610.

25.37054.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE ATENCIÓN AS PERSOAS USUARIAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte.2026004846)

Resultando que na actualidade a Deputación de Pontevedra dispón dun Centro de Asistencia ás Persoas Usuarias (CAU) xestionado mediante o servizo de Novas Tecnoloxías. O servizo prestado por este CAU proporciona o soporte para a atención telefónica, resolución/xestión de incidencias e peticións de servizos relacionados coas Tecnoloxías da Información e das Comunicacions (TIC). Este CAU presta os seus servizos ás persoas usuarias da Deputación de Pontevedra e os seus centros dependentes. Este servizo de CAU proporciona á Deputación de Pontevedra unha enorme mellora no relacionado coa tipificación e estruturación das incidencias; a disposición de procedementos e protocolos de común actuación para toda a institución e a definición dos fluxos de traballo en materia TIC. Todo isto orixinou un beneficio de carácter transversal para esta administración.

Resultando que a Deputación de Pontevedra non conta con medios humanos e técnicos suficientes para realizar directamente este servizo xa que non conta con persoal especializado nesa materia nin co número suficiente de persoal para atender ás incidencias de atención en primeiro nivel ás persoas usuarias da Deputación de Pontevedra. En canto a opción de non ampliar o equipo do servizo para tal fin hai que considerar que si se externaliza conseguiríase un servizo de soporte técnico en quendas de mañá e tarde, algo que de realizarse con medios propios sería moito máis custoso.

Resultando que , a vista do exposto, con data 2 de febreiro de 2026 , a xefa do servizo de Novas Tecnoloxías, emite providencia de inicio na que, co visto e praxe do Deputado Delegado, propón a contratación do servizo de centro de atención as persoas usuarias da Deputación de Pontevedra. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Resultando que con data 9 de febreiro de 2026, a Intervención emite os correspondentes documentos de retención de crédito.

Resultando que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 18 de marzo de 2026, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Resultando que con data 25 de marzo de 2026 pola Secretaría xeral emítese informe favorable do expediente.



Resultando que con data 25 de marzo de 2026, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando que con data 27 de abril do 2026 pola Intervención emítense informe favorable de fiscalización.

Resultando que con data 4 de maio de 2026, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa definitiva para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor calidade-prezo) sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Considerando que de acordo co disposto no artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, cualifícanse como contratos de servizos aqueles cuxo obxecto sexan prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidos a obtención dun resultado distinto dunha obra ou un subministro.

Considerando os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Considerando que por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de *centro de atención as persoas usuarias da Deputación de Pontevedra*. O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 480.000,00 € (IVE engadido). O valor estimado é de 793.388,44 €.
- 2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV 3677EDZXAVBYAIF6) e de prescricións técnicas (CSV: 440O756P1PHBJAFZ) que rexerán dita contratación.



3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 480.000,00 euros, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do vixente orzamento provincial:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026 (6,5 meses)	26/926.9260.227.06	130.000,00€
2027	27/926.9260. 227.06	240.000,00€
2028 (5,5 meses)	28/926.9260. 227.06	110.000,00€
TOTAL		480.000,00 €

4.- Nomear responsable do contrato á xefa do servizo de Novas Tecnoloxías ou persoa en quen delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

26.37055.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS ALIMENTICIOS PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE DA DEPUTACIÓN. (Expte.2026004395)

Vista a providencia de inicio do Deputado Delegado do Centro Príncipe Felipe, de data 20/03/2026 (CSV: UQL0GFQV62CX4S67), para a contratación, por lotes, da “*Subministración de produtos alimenticios para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*”, que xustifica a necesidade, idoneidade e ausencia de medios propios suficientes.

O Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra presta un servizo esencial de carácter educativo e social, atendendo menores en situación de risco ou exclusión social e prestando outros servizos de diversa natureza, tales como a Escola Infantil, o Centro de Educación Especial, a residencia ou a cafetería. A Deputación ten a obriga de garantir a manutención das persoas usuarias, pero carece de medios propios para a subministración de alimentos. Por iso, é necesario recorrer á contratación externa con empresas especializadas. Esta permite asegurar un aprovisionamento continuo e adecuado para cubrir as inxestas diarias con menús equilibrados. Trátase dunha necesidade estrutural e recorrente, suxeita á normativa de seguridade alimentaria e recomendacións nutricionais. En definitiva, a contratación é imprescindible para garantir a continuidade e calidade do servizo.

Xunto coa proposta, o servizo achega o correspondente prego de prescricións técnicas.



Resultando que, con data 05/03/2026, a Intervención informa que na aplicación 2026/232.2312.221.05 do vixente orzamento provincial non existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto da anualidade 2026 (6 meses). Non obstante si existe na súa vinculación xurídica, a cuxo efecto se emitiron os seguintes documentos RC:

	LOTE	RCFUT(2027)	IMPORTE (IVE engadido)
LOTE 1	Produtos de almacén e despensa	12026000045804	69.554,49 €
LOTE 2	Produtos lácteos	12026000045805	23.631,57 €
LOTE 3	Produtos conxelados	12026000045806	67.380,10 €
LOTE 4	Produtos cárnicos e embutidos	12026000045807	129.137,51 €
LOTE 5	Froitas e verduras	12026000045808	49.314,39 €
LOTE 6	Produtos de pastelería e panadería	12026000045809	49.301,82 €
		Total	388.319,88 €

Asemade, no vixente orzamento provincial realízase a previsión futura de retención de crédito para o gasto da anualidade 2027 mediante os documentos RCFUT(2027):

	LOTE	RCFUT(2027)	IMPORTE (IVE engadido)
LOTE 1	Produtos de almacén e despensa	12026000045804	139.108,97€
LOTE 2	Produtos lácteos	12026000045805	47.263,13€
LOTE 3	Produtos conxelados	12026000045806	134.760,20€
LOTE 4	Produtos cárnicos e embutidos	12026000045807	258.275,02€
LOTE 5	Froitas e verduras	12026000045808	98.628,77€
LOTE 6	Produtos de pastelería e panadería	12026000045809	98.603,64€
		Total	776.639,73€

Resultando que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico administrativas particulares e da memoria xustificativa, e con data 31/03/2026, solicita informe á Secretaría Xeral.

Resultando que a Secretaría Xeral, con data 14/04/2026, informa favorablemente o expediente.



Resultando que a Intervención, con data 30/04/2026, emite informe favorable, coas seguintes observacións ou recomendacións:

A retención de crédito a nivel de bolsa supón a diminución do crédito dispoñible para a realización doutros gastos imputables á mesma, o que deberá terse en conta polos xestores de gasto, a efectos de evitar situacións de inexistencia ou insuficiencia de crédito para gastos necesarios.

Na cláusula 9.1 do apartado I. "Cláusulas particulares" do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

Nos criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor en xeral, debe estar perfectamente definido o que se vai a valorar coa maior concreción posible, de xeito que se facilite o seu coñecemento ás empresas licitadoras e que estas poidan presentar así a súa mellor oferta e ao mesmo tempo, reducir unha posible discrecionalidade na valoración. Neste caso, no que o peso porcentual destes criterios de xuízos de valor é relevante e que, ao mesmo tempo, son un tanto imprecisos, fai difícil a posterior comparación entre as ofertas polo que, no informe técnico de valoración das ofertas deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio.

Resultando que o xefe do servizo de Contratación, unha vez informado o expediente pola Secretaría e a Intervención, emite memoria xustificativa definitiva (CSV: 4G2IQJZ3AKF4A2AK), na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministracións, e o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, por concorrer as circunstancias do artigo 131.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante, LCSP).

Considerando o artigo 16 da LCSP, que tipifica como contratos de subministracións os contratos que teñen por obxecto a adquisición, o arredamento financeiro, ou o arrendamento, con o sen opción de compra, de produtos ou ben mobles, e que, en todo caso terán a consideración de contratos de subministro aqueles nos que o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.

Considerando os artigos 116 e 117 da LCSP, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando o artigo 122.1 da LCSP, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da “*Subministración de produtos alimenticios para o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*”.

O prazo de duración será de dous anos, a contar desde a data que figure no documento de formalización.. Establecese a posibilidade de 2 prórrogas anuais.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 1.553.279,46 euros, desagregado conforme ao seguinte detalle:

- Lote 1. Produtos de almacén e despensa: 278.217,94 €
- Lote 2. Produtos lácteos: 94.526,26 €
- Lote 3. Produtos conxelados: 269.520,40 €
- Lote 4. Produtos cárnicos e embutidos: 516.550,04 €
- Lote 5. Froitas e verduras: 197.257,54 €
- Lote 6. Produtos de pastelería e panadaría: 197.207,28 €

O valor estimado é de 3.436.681,78 €.

2. Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: ESKB71MF42BUWY70) e de prescricións técnicas (CSV: M7QG3WB0JH8ZNQN3) que rexerán dita contratación.
3. Autorizar o gasto polo importe máximo de 1.553.279,46 euros, dos cales a cantidade de 388.319,88 euros irá con cargo á aplicación orzamentaria 232.2312.221.05 do vixente orzamento provincial, a cantidade de 776.639,73 euros, con cargo á correspondente aplicación orzamentaria do ano 2027 e a cantidade de 388.319,85 euros, con cargo á correspondente aplicación orzamentaria do ano 2028.

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2027 e 2028 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

4. Nomear responsable do contrato a Ana M^a Soto Prieto, xefa de Xestión do Centro Príncipe Felipe.



5. Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, a contar desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

27.37056.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A ADQUISICIÓN POR COMPRAVENDA, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DA COLECCIÓN VALLE-INCLÁN PARA O MUSEO DE PONTEVEDRA. (Expte. 2025070470)

Vista a providencia de inicio do Vicepresidente da Deputación de Pontevedra, de 27 de febreiro de 2026 (CSV: IIQE08TQYADKJ5ZY), e o informe complementario de data 24 de marzo de 2026 (CSV: 9232FZID7TU6VZQN) para a adquisición da colección Valle-Inclán para o Museo de Pontevedra, que xustifica a súa necesidade, para cumprir co obxectivo de preservar o patrimonio cultural e artístico, enriquecer as súas coleccións para o público, e para investigar e contextualizar en futuras xeracións, permitindo reflexar tanto o pasado como a arte contemporánea. Ademais de que a adquisicións de bens culturais para o Museo é un proceso fundamental que responde á necesidade de ampliar e enriquecer a colección do Museo, asegurar a conservación e ofrecer unha mellor experiencia educativa e cultural ó público. E xustifica a súa idoneidade, xa que considera de gran relevancia adquirir a colección artística e documental de Don Ramón María del Valle-Inclán. A importancia desta persoa, nada en Vilanova de Arousa, provincia de Pontevedra, radica no seu rol como figura clave da literatura española do século XX, sendo un referente do Modernismo e a Xeración do 98.

Xunto coa proposta, o servizo achega o correspondente prego de prescricións técnicas.

Resultando que, con data 27 de marzo de 2026, a Intervención emite documento de retención de crédito número 12026000063017, con cargo á aplicación 26/333.3330.68902.2025 do vixente orzamento provincial, para atender os gastos derivados de esta contratación.

Resultando que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico administrativas particulares e da memoria xustificativa, e con data 31 de marzo de 2026, solicita informe á Secretaría Xeral.

Resultando que a Secretaría Xeral, con data 16 de abril de 2026, informa favorablemente o expediente.

Resultando que a Intervención, con data 23 de abril de 2026, emite informe favorable, coas seguintes observacións ou recomendacións:

“Estamos ante unha adquisición gravada polo Imposto de Transmisións Patrimoniais, que si ben, se está suxeito pero exento, require da súa declaración ante a Facenda Autonómica por parte da Deputación nun prazo de 30 días hábiles a contar dende o momento no que se cause o acto ou contrato.”



Resultando que o xefe do servizo de Contratación, unha vez informado o expediente pola Secretaría e a Intervención, emite memoria xustificativa definitiva (CSV: 6VTZMWRMGJ7GFRJ), na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministración., e o procedemento a aplicar é o procedemento negociado sen publicidade, por concorrer as circunstancias do artigo 168.a.2º da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante, LCSP).

Considerando o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calcifícanse como contratos de subministracións os contratos que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens móbiles.

Considerando os artigos 116 e 117 da LCSP, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando o artigo 122.1 da LCSP, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e sen concorrencia, da adquisición por compravenda da colección Valle-Inclán para o Museo de Pontevedra.
O prazo de duración será de 1 mes, contado desde a data de formalización do contrato.
O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 289.700,00 euros.
O valor estimado é de 289.700,00 euros.
2. Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 38AUAQGSJ10XONN3) e de prescricións técnicas (CSV: 838RKGPJ19QL1TQF) que rexerán dita contratación.



3. Autorizar o gasto polo importe máximo de 289.700,00 euros que irán con cargo á aplicación orzamentaria 26/333.3330.68902.2025 do vixente orzamento provincial.
O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.
4. Nomear responsable do contrato a Cruz Farto Justo, Xefa de Xestión do Museo de Pontevedra.
5. Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

28.37057.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA ENTIDADE MERCANTIL AIRA, S.COOP.G. (F-27317593), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO ESPECÍFICO SDA ALIMENTACIÓN DO GANDO VACÚN DA FINCA MOURISCADÉ (CATEGORÍA I): SUBMINISTRACIÓN DE MESTURA DE MATERIAS PRIMAS. (Expte. 2025013936) (Devogarán. 2025052267)

Por acordo 8.33327, adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria de data 29 de decembro do ano 2023, estableceuse un “Sistema Dinámico de Adquisición da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscadé”.

Dentro deste SDA e por Resolución Presidencial, número RP2025002716, adxudicouse un “Contrato específico para a adquisición de materias primas no marco da categoría I do Sistema Dinámico de Adquisición da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscadé”. (Expte.- 2025013936).

Para garantir a correcta execución do deste contrato específico, a entidade mercantil *Aira, S.COOP.G. (CIF.- F-27.317.593)*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
AIRA, S.COOP.G. (F-27.317.593)	1.818,91€	12025000067881	16/04/2025

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Contratación (CSV.- 78TQ1BMZHW80E0IY), no cal sinala que “(...) *Finalizado o contrato específico referido e transcorrido o prazo legalmente establecido da garantía esixida, obsérvase que o servizo correspondente non comunicou ningún vicio ou defecto na súa realización, (...) polo que o que procede é a devolución da mesma a fin de evitar futuras reclamacións por parte do adxudicatario dos intereses legais correspondentes no caso de non ser devolta xustificadamente (...)*”.



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- OQ4IKOXTWHZPGGS0), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil AIRA, S.COOP.G. (CIF.- F-27.317.593), dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato específico relativo a “*Adquisición de materias primas no marco da categoría I do Sistema Dinámico de Adquisición da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade*” (Núm. Expte. 2025013936), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola empresa AIRA, S.COOP.G. (CIF.- F-27.317.593), por resultar adxudicataria de dito contrato, que foi a seguinte:

- o A constituída mediante aval, emitido pola entidade ABANCA Corporación Bancaria, S.A. (A-70.302.039) “*Aval inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº.- 695662*”, por importe de mil oitocentos dezaoto euros con noventa e un céntimos (1.818,91 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 16/04/2025, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12025000067881.

29.37058.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, ESPIRAL, XESTIÓN CULTURAL, S.L. (B-94054954), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE AO "SERVIZO DE XESTIÓN DO CASTELO DE SOBROSO". (Expte. 2021036804) (Devogarán 2026023221)

Por acordo 22.31438 adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria, de data 11 de marzo de 2022 (ZLGE9Y6LMQV78R95), acordouse, entre outros asuntos, o “*Servizo de xestión do Castelo de Sobroso*”. (Núm. Exp. 2021036804).



Para garantir a correcta execución do deste contrato, a entidade mercantil *Espiral, xestión cultural, S.L.* (CIF.- B-94.054.954), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
ESPIRAL, XESTIÓN CULTURAL, S.L. (B-94.054.954)	5.490,00€	202200045849	04/03/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Turismo Rías Baixas (CSV.- U1C31VQ68YOEH2US), no cal sinala que “(...) *Que a entidade mercantil ESPIRAL XESTIÓN CULTURAL, S.L. (CIF.- B 94.054.954), cumpriu satisfactoriamente dito contrato, non incorrendo en anomalía, incidencia ou responsabilidade derivada da execución do mesmo, polo que segundo dispón o artigo 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público procede a devolución da garantía definitiva (...)*”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 4S8YPFUAYDAR9Y8A), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil ESPIRAL, XESTIÓN CULTURAL, S.L. (CIF.- B-94.054.954), dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de xestión do Castelo de Sobroso*” (Núm. Expte. 2021036804), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil ESPIRAL, XESTIÓN CULTURAL, S.L. (CIF.- B-94.054.954), por resultar adxudicataria de dito contrato derivado, que foi a seguinte:

- o A constituída mediante aval, emitido pola entidade ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A. (A-70.302.039) “*Aval inscrito no Rexistro Especial de Avais co nº: 673.623*”, por importe de cinco mil catrocentos noventa euros (5.490,00 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 04/03/2022, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030579 (Carta de pago número 202200045849).



30.37059.- VALIDACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚMERO 5 (ÚLTIMA ORDINARIA) DA OBRA “MELLORA PEONIL E DRENAXE NA EP-9702 AS SINAS-VILANOVA DE AROUSA (CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA)”. (Expte: 2025003086)

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial núm. 2025005771 de data 7 de xullo de 2025, acordouse adxudicar a empresa “CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SAL” (NIF A36008886) a obra “*Mellora peonil e drenaxe na EP-9702 As Sinas-Vilanova de Arousa (Concello de Vilanova de Arousa)*”, por un importe de 116.524,44 € (IVE engadido) e un prazo de execución de CATRO (4) meses (CSV: TGUTOM4LQ75JKWCJ).

Resultando.- Que con data 22/08/2025 formalizouse a acta de comprobación de replanteo, establecéndose coma data para finalizar a obra o día 22/12/2025 (CSV: 4KRN53MQIFOE0KL).

Resultando.- Que consta no expediente a acta favorable con observacións da recepción da obra de data 10/04/2026 (CSV: GB76VRDT27AIF0I2).

Resultando.- Que en data 23/01/2026 a empresa adxudicataria achega polo rexistro electrónico desta Administración a Certificación núm. 5 (última ordinaria) da obra polo período comprendido entre o 01/12/2025 e o 22/12/2025, por importe de 46.250,60 € (CSV: V9KHHLAA6JHZ9H1E).

Resultando.- Que remitida a Intervención a solicitude de fiscalización da certificación núm. 5 esta devólvea informada en data 16/04/2026 (CSV: KU8379HJHYOHFS0L) concluíndo que “*Polo exposto, tendo en conta as observacións sinaladas, dado que as unidades de obra que se certifican se executaron, procedería a aprobación da certificación seguindo o procedemento de validación do gasto pola Xunta de Goberno. Non obstante, con carácter previo a dita aprobación debe incorporarse ao expediente informe xustificativo do retraso na recepción da obra*”, e facendo constar as seguintes observacións:

“Apréciase unha demora na expedición da certificación, xa que comprende as obras executadas do 1 ao 22 de decembro de 2025 e a súa expedición realizouse o 22 de xaneiro de 2026, excedendo o prazo dos 10 días seguintes ao mes que corresponde, establecido no art. 240 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

A execución da obra rematou con data 22 de decembro de 2025 e a súa recepción tivo lugar o día 10 de abril do 2026, excedendo amplamente o prazo dun (1) mes desde a finalización da obra que establece a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) para a súa recepción (art. 210). Non existe xustificación no expediente para este retraso”.

Resultando.- Que en data 29/04/2026 a directora da obra emite informe xustificativo da demora na recepción desta (CSV: OHY9VGRANHLTOVPD), facendo constar que veu derivado da entrega nos resultados dos diferentes controis de calidade, tal e como se fixo constar tamén no seu día na Acta de recepción da obra. Así mesmo, tamén aclara o erro aritmético na unidade de medida do pavimento de 15 cm, onde aparece como m³ cando a unidade real é m².

Considerando o disposto no artigo 54 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, relativo á validación de actos anulables.



Considerando que por Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta á Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do vixente orzamento, concretamente na base 17.

Con base nos antecedentes precedentes a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a validación da obriga de gasto relativa á certificación núm. 5 (última ordinaria) da obra “Mellora peonil e drenaxe na EP-9702 As Sinas-Vilanova de Arousa (Concello de Vilanova de Arousa)”, polo importe bruto de 46.250,60 €, de conformidade co seguinte detalle:

Terceiro	Aplicación orzamentaria	Importe
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (NIF A36008886)	2026/456.4530.612.01.2025	46.250,60 €
	Descontos	
	Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)	1.284,83 €
	Control de calidade (3% PEM licit.)	1.006,92 €
	Total descontos	2.291,75 €
	TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR	43.958,85 €

Segundo.- Aprobar a liquidación dos ingresos correspondentes practicándose a retención ou desconto sobre o importe bruto da certificación, segundo detalle referido no apartado anterior.

Terceiro.- Ordenar o pago polo importe líquido.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución ao interesado.

31.37060.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DO GASTO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SANTO PAIO DE SAN PEDRO DE CAMPAÑÓ PARA O INVESTIMENTO “COMPRA DE MOBILIARIO NECESARIO PARA PODER DESENVOLVER AS ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN” INCLUÍDO NO PROGRAMA PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2025. (Expte.2025017006)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

“Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Plan Provincia Comunitaria 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247 do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.



Segundo.- Mediante o acordo da Xunta de Goberno número 5.35766 de data 14/11/2025, concedeuse unha subvención, ao abeiro do Plan Provincia Comunitaria 2025, por importe de 9.540,00 euros á Asociación de veciños Santo Paio de San Pedro de Campañó co obxecto do financiamento do investimento “Compra de mobiliario necesario para poder desenvolver as actividades da asociación” (expediente: 2025017006), en base a un orzamento de 9.540,00 euros.

Terceiro.- Nas datas 24/02/2026 (núm. rexistro WEB2026012047) e 04/03/2026 (núms. rexistro WEB2026015801, WEB2026015803) dentro do prazo establecido na convocatoria, ten entrada na Sede Electrónica da Deputación a documentación requirida nas bases reguladoras para a xustificación da axuda concedida, correspondente ao investimento “Compra de mobiliario necesario para poder desenvolver as actividades da asociación” (expediente: 2025017006), e solicitan o libramento da axuda económica correspondente. En data 13/03/2026 a facultativa técnica presta a súa conformidade á xustificación achegada, documento con CSV: K7181EVCBS7X50I9.

Cuarto.- En data 23/04/2026 a Intervención Provincial informa que a aprobación da xustificación require seguir polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos do gasto pola Xunta de Goberno dado que existe informe desfavorable da Intervención provincial de data 11 de novembro de 2025 (CSV: SE3SD4C5997O48RC), respecto á concesión da subvención á Asociación de veciños Santo Paio de San Pedro de Campañó.

Quinto.- Dado que a Asociación de veciños Santo Paio de San Pedro de Campañó CIF G36249928, presentou a documentación xustificativa en prazo e forma, e visto que se comprobou e se deu conformidade á mesma, para non prexudicar á entidade beneficiaria da subvención, corresponde o pago de 9.540,00 euros polo recoñecemento extraxudicial de crédito contra a aplicación 2026/942.4590.489.07.2025 na que se autorizou e comprometeu o gasto competéndolle á Xunta de Goberno a súa aprobación.

*Pontevedra, na data da sinatura electrónica.
O xefe do servizo de Cooperación
Marcos Areán González”*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da intervención provincial de data 23/04/2026 e da xefatura do Servizo de Cooperación de data 27/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o recoñecemento extraxudicial da obriga e o pagamento da cantidade de 9.540,00 euros a favor da Asociación de veciños Santo Paio de San Pedro de Campañó, con CIF G36249928, ao abeiro do programa Plan Provincia Comunitaria 2025, contra a aplicación 2026/942.4590.489.07.2025, na que se autorizou e comprometeu o gasto.
2. Darlle traslado do presente acordo á Asociación de veciños Santo Paio de San Pedro de Campañó, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



32.37061.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DO GASTO CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL SAN XOÁN DE FORNELOS E LOURIDO PARA O INVESTIMENTO “INVESTIMENTO EN EQUIPAMENTOS PARA POR AO DÍA A ASOCIACIÓN” INCLUÍDO NO PROGRAMA PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2025. (Expte. 2025016295)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de cooperación que literalmente se transcribe:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, aprobou as “Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Plan Provincia Comunitaria 2025)”, publicadas no BOPPO núm. 247 do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- Mediante o acordo da Xunta de Goberno número 5.35766 de data 14/11/2025, concedeuse unha subvención, ao abeiro do Plan Provincia Comunitaria 2025, por importe de 8.889,14 euros á Asociación veciñal e cultural San Xoán de Fornelos e Lourido co obxecto do financiamento do investimento “Investimento en equipamentos para por ao día a asociación” (expediente: 2025016295), en base a un orzamento de 9.942,90 euros.

Terceiro.- Nas datas 24/02/2026 (núm. rexistro WEB2026011756), 26/02/2026 (núm. rexistro WEB2026012713) e dentro do prazo establecido na convocatoria, ten entrada na Sede Electrónica da Deputación a documentación requirida nas bases reguladoras para a xustificación da axuda concedida, correspondente ao investimento “Investimento en equipamentos para por ao día a asociación” (expediente: 2025016295), e solicitan o libramento da axuda económica correspondente. En data 13/03/2026 a facultativa técnica presta a súa conformidade á xustificación achegada, documento con CSV: 7NHABYF3M2CI5S3O.

Cuarto.- En data 23/04/2026 a Intervención Provincial informa que a aprobación da xustificación require seguir polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos do gasto pola Xunta de Goberno dado que existe informe desfavorable da Intervención provincial de data 11 de novembro de 2025 (CSV: SE3SD4C5997048RC), respecto á concesión da subvención á Asociación veciñal e cultural San Xoán de Fornelos e Lourido.

Quinto.- Dado que a Asociación veciñal e cultural San Xoán de Fornelos e Lourido CIF G36211993, presentou a documentación xustificativa en prazo e forma, e visto que se comprobou e se deu conformidade á mesma, para non prexudicar á entidade beneficiaria da subvención, corresponde o pago de 8.889,14 euros polo recoñecemento extraxudicial de crédito contra a aplicación 2026/942.4590.489.07.2025 na que se autorizou e comprometeu o gasto competéndolle á Xunta de Goberno a súa aprobación.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica.
O xefe do servizo de Cooperación
Marcos Areán González”



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da intervención provincial de data 23/04/2026 de da xefatura do Servizo de Cooperación de data 27/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o recoñecemento extraxudicial da obriga e o pagamento da cantidade de 8.889,14 euros a favor da Asociación veciñal e cultural San Xoán de Fornelos e Lourido, con CIF G36211993, ao abeiro do programa Plan Provincia Comunitaria 2025, contra a aplicación 2026/942.4590.489.07.2025, na que se autorizou e comprometeu o gasto.
2. Darlle traslado do presente acordo á Asociación veciñal e cultural San Xoán de Fornelos e Lourido, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

33.37062.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DA CERTIFICACIÓN 1 (ÚNICA) DA OBRA DE EMERXENCIA PARA A “CONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN NA EP 2403 MOSENDE-MORGADÁNS, NO PQ. 11+200, MARXE ESQUERDA (CONCELLO DE GONDOMAR)”. (Expte.2026006024)

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial núm. 2026001174 de data 12 de febreiro de 2026, acordouse adxudicar a empresa “CANTERÍA Y OBRAS MANUEL VAQUEIRO, SL” (NIF B27783463) a obra de emerxencia para a “*Construcción de muro de contención na EP 2403 Mosende-Morgadáns, no pq. 11+200, marxe esquerda (Concello de Gondomar)*”, por un importe de 85.000,00 € (IVE engadido) e un prazo de execución de TRES (3) meses (CSV: IHZDNQMP08E5SPR3), facendo constar que este importe é unha estimación e que queda condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.

Resultando.- Que no Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 27 de febreiro de 2026 deuse conta desta resolución presidencial declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da devandita obra (CSV: 4AS215WYFYTOU97X).

Resultando.- Que data 25/03/2026 o contratista achegou a través do Rexistro electrónico de entrada da Deputación (CSV: E6LVLHW5TW1RDDR6), a certificación núm. 1 e única (CSV: ESMXF2TSVYBPBLSW) das obras realizadas cuxo importe ascendeu a 86.142,09 € (IVE engadido).

Resultando.- Que o día 23/03/2026 a directora de obra xustifica a obra realizada para a súa recepción e informa favorablemente a tramitación e o pago da certificación emitida (CSV: P1EW8PHNSRR23HYT).

Resultando.- Consta no expediente a Acta de Recepción de obra favorable con observacións da Intervención de data de data 10 de abril de 2026 (CSV: F2EQRVSMEEER8Z207).



Resultando.- Que remitida a Intervención a solicitude de fiscalización da certificación núm. 1 e única, esta devólvea informada en data 16/04/2025 (CSV: A6WLLFF8M5IQUUSD6) concluíndo que “*dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito*”, e facendo as seguintes observacións:

“As actuacións pertinentes dende o coñecemento dos danos que ocasionaron a obra de emerxencia deberían facerse con maior axilidade, xa que este tipo de obras requiren unha actuación inmediata para evitar posibles riscos.

A pesar da dificultade ou imposibilidade de redactar un proxecto con carácter previo ao inicio da execución das obras de emerxencia, xunto co informe xustificativo da necesidade da súa contratación, debería achegarse, como mínimo, unha memoria ou documento técnico que defina coa máxima precisión posible as necesidades da emerxencia a satisfacer, cunha estimación das partidas e do número de unidades a executar, a súa valoración aproximada e o orzamento total estimado.

A certificación expídese con data 23 de marzo de 2026 e comprende a obra executada no período comprendido entre o 12 e o 23 de febreiro de 2026, data da súa finalización. Debe terse en conta que segundo o disposto no artigo 240 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a expedición das certificacións debe realizarse mensualmente e nos primeiros dez (10) días seguintes ao mes que correspondan.

A acta de recepción que consta no expediente (CSV: F2EQRVSMEEER8Z207) trátase dun documento escaneado que contén sinaturas manuscritas cando o correcto sería que o documento estivera asinado electronicamente”.

Considerando que por disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta a Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do vixente orzamento, concretamente na base 17.

Con base nos antecedentes a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Autorizar o recoñecemento extraxudicial da obriga de gastos relativa á certificación núm. 1 e única da obra de emerxencia para a “*Construción de muro de contención na EP 2403 Mosende-Morgadáns, no pq. 11+200, marxe esquerda (Concello de Gondomar)*”, polo importe bruto de 86.142,09 €, de conformidade co seguinte detalle:

Terceiro	Aplicación orzamentaria	Importe
CANTERÍA Y OBRAS MANUEL VAQUEIRO, SL (NIF B27783463)	26/456.4530.612.01	86.142,09 €
Descontos		
Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)		2.393,00 €
Total descontos		2.393,00 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR		83.749,09 €

Segundo.- Aprobar a liquidación dos ingresos correspondentes practicándose a retención ou desconto sobre o importe bruto da certificación, segundo detalle referido no apartado anterior.

Terceiro.- Ordenar o pago polo importe líquido.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución ao interesado.



34.37063.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Exptes: 2026033802, 2026033858, 2026033948, 2026033949, 2026034675)

a) Vista a relación de operacións con número 2026033802 (CSV: 9DD3PV1HUHOWRDT5) que contén 1 operación por un importe de 33,72 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	33,72 €
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	33,72€

b) Vista a relación de operacións con número 2026033858 (CSV: 9I3INH0Z3JCI52JA) que contén 9 operacións por un importe de 12.450,85 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	12.450,85 €
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	12.450,85 €

c) Vista a relación de operacións con número 2026033948 (CSV: 8V4ZF0MYB2UBN368) que contén 2 operacións por un importe de 374,96 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	374,96 €
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	374,96 €



d) Vista a relación de operacións con número 2026033949 (CSV: 8PLQJ8NY7S3EE2VR), que contén 1 operacións por un importe de 90,75 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	90,75 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	90,75 €

e) Vista a relación de operacións con número 2026034675 (CSV: 80ZRW9HHYKTFIN63), que contén 1 operacións por un importe de 300,00 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo o responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	300,00 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	300,00 €

35.37064.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOC. SOCIO CULTURAL E DEPORTIVA A ÍNSUA PARA A SUBVENCIÓN “ADQUISICIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS” DO CONCELLO DE TUI, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 26/12/2025. (Expte. 2025066905)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 05 de setembro de 2025, aprobou as “bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a adquisición de instrumentos musicais e vestuario propio de agrupacións musicais da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Acordo núm. 15.35595) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 172 de 10 de setembro de 2025.



Segundo.- En data 07 de outubro de 2025 Mercedes Fernández Fernández, en representación da ASOC SOCIO CULTURAL E DEPORTIVA A INSUA (NIF: G36155885) presenta solicitude para “Adquisición de instrumentos musicais”, achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 5.998,58€.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025 (Acordo núm. 25.35941) acordou concederlle á ASOC SOCIO CULTURAL E DEPORTIVA A INSUA, do concello de Tui (NIF: G36155885) unha subvención de 1.347,20 € para “Adquisición de instrumentos musicais” con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.789.00.2025 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 20 de febreiro de 2026 e número de rexistro WEB2026010966, a ASOC SOCIO CULTURAL E DEPORTIVA A INSUA de Tui, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada pola comprobación de que a asociación non cumpre na súa totalidade os requisitos exixidos nas bases reguladoras da convocatoria, o que imposibilita a correcta aceptación e xustificación da axuda concedida.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 13 de marzo de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOC SOCIO CULTURAL E DEPORTIVA A INSUA (NIF: G36155885) documento con CSV: 9Y2787V87CZPFQOL.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.



- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no



territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola ASOC.CORAL BELLA HELENES (NIF: G36221349) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 842,00 € para a realización da actividade “Adquisición de vestiario” (documento co CSV: 99U30WG9OPQEMRZ7).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

50.37079.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN MAR DA PEDRA DE AMIGOS DAS GAMELAS DO CONCELLO DE CANGAS, Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA A RESTAURACIÓN DA GAMELA CORUXEIRA "RULA", APROBADA AO SEU FAVOR EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 13/02/2026. (Expte. 2025070836.)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 3 de outubro de 2025, aprobou as Bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2025 (acordo núm. 2.35648), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 6 de outubro de 2025 (BOPPO núm. 190).



Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 13 de febreiro de 2026 (acordo núm. 4.36053), acordou concederlle á Asociación Mar da Pedra de Amigos das Gamelas (CIF: G36438273) unha achega de 3.823,70 euros para traballos de restauración da gamela coruxeira "Rula", con cargo á aplicación 26/332.3322.789.01.2025 do vixente Orzamento provincial.

Con data 6 de abril de 2026, número de rexistro WEB2026029177, a Asociación Mar da Pedra de Amigos das Gamelas presenta renuncia á subvención concedida no seu día por non poder xustificar os traballos de restauración da embarcación dentro do período subvencionable.

Con data 13 de abril de 2026, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico informa favorablemente esta proposta de renuncia e solicita a fiscalización do expediente e a conformidade da área de Intervención.

Con data 24 de abril de 2026, a área de Intervención emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- Bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2025.
- Bases de execución do Orzamento da Deputación para o presente exercicio.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base reguladora 13ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento de concesión de subvencións lle corresponde á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.

Procedencia da renuncia:

- Artigo 94 da LPACAP, no que se establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda, os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluso o procedemento salvo que, téndose presentado neste terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 63 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno a aceptación da renuncia.

CONCLUSIÓNS

O artigo 94 da LPACAP contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión, que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A lei esixe como requisitos da renuncia a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, a Asociación Mar da Pedra de Amigos das Gamelas presenta, o 6 de abril 2026, a solicitude formal de renuncia á subvención para a restauración da gamela coruxeira "Rula", ao abeiro das subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2025.



Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, e vistos o informe da xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, con data 13 de abril de 2026 (CSV:1ME0GLLQOXOUKIRV), e a dilixencia de conformidade da área de Intervención, con data 24 de abril de 2026 (CSV:UDYKICCPQ9EQDBA0), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia da Asociación Mar da Pedra de Amigos das Gamelas á subvención concedida para a restauración da gamela coruxeira "Rula", ao abeiro das subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2025.
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlles traslado deste acordo á Asociación Mar da Pedra de Amigos das Gamelas, á Intervención provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.

51.37080.- DAR CONTA E ACEPTAR RENUNCIA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CLUB DE FÚTBOL CRUCEIRO DE CANGAS “COMPETICIÓN FEDERADA AMBITO INFERIOR AO ESTATAL (FÚTBOL)” APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO O 26/09/2025. (Expte.2025034172)

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 11 de abril de 2025 aprobou as Bases reguladoras de subvencións para a “Concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competición de ámbito inferior ao estatal para o ano 2025” (acordo 2.35055)e publicadas no BOPPO núm. 73, de 16 de abril de 2025.

Segundo.- En data 19/05/2025 Luciano Lorenzo Nogueira, en representación do CF CRUCEIRO CANGAS (NIF: G36048395) presenta solicitude para “Competición federada ámbito inferior ao estatal – Fútbol”, achegando un orzamento da actividade por importe de 12.640,11 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación na súa sesión celebrada o día 26/09/2025 aprobou a concesión de ditas subvencións, procedéndose á publicación no BOPPO núm. 192 de 08 de outubro de 2025 da relación de subvencións concedidas e non concedidas polo servizo de Deportes da Deputación de Pontevedra para clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior ao estatal para o ano 2025 e no que figura o CF CRUCEIRO CANGAS (NIF: G36048395) e na contía de 856,57 € para a actividade solicitada.

Cuarto.- En data 29/04/2026 o CF CRUCEIRO CANGAS (NIF: G36048395) achega escrito no que solicita a renuncia ou desestimento da subvención concedida pola dimisión da actual xunta directiva.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación fiscalízase de xeito favorable en data 30/04/2026 a renuncia presentada polo CF CRUCEIRO CANGAS (NIF: G36048395).



Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 y ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2022.

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.



É dicir, tanto o desestímulo como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferenza, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada polo CF CRUCEIRO CANGAS (NIF: G36048395) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 856,57 € para “Competición federada ámbito inferior ao estatal – Fútbol” (documento co CSV: XCQVP6S7SJU3M6AM).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

52.37081.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR CAMBIO DE FINALIDADE, AO CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “ADQUISICIÓN DE TERREO DA ÁREA DE REPARTO Nº 13A PARA A SÚA CONVERSIÓN EN ESPAZO PÚBLICO”. (Expte. 2025082797)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- No marco do Plan + Provincia 2024 Liña 1-Investmentos, mediante acordo núm. 5.34050 a Xunta de Goberno de data 19/07/2024, concedéuselle ao *concello de A Illa de Arousa* unha subvención por importe de 133.765,23 €, co obxecto do financiamento do investimento “ADQUISICIÓN DE TERREOS PARA ZONA DEPORTIVA” (expediente: 2024021664), en base a un orzamento polo importe de 165.807,63 €.
- En data 20/04/2026, mediante resolución presidencial RP2026002662, trala petición formulada polo *Concello de A Illa de Arousa*, acéptase a desistencia total da subvención salientada no parágrafo anterior por existir outros gastos máis prioritarios.
- Neste contexto, en data 29/12/2025 por rexistro WEB2025087600, o *Concello de A Illa de Arousa*, presenta solicitude de subvención, por cambio de finalidade, encadrada na Liña 1 – Investmentos do Plan + Provincia 2024, por importe de 74.768,40 €, con destino ao financiamento da actuación “ADQUISICIÓN DE TERREO DA ÁREA DE REPARTO Nº 13A PARA A SÚA CONVERSIÓN EN ESPAZO PÚBLICO”, cunha memoria técnica polo mesmo importe.
- En datas posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación que se recolle na base 27ª.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- A base 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024- Liña – Investimentos que dispón que, con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para realizar os investimentos obxecto de subvención, pódese solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada, sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 10/02/2026 e do xefe do servizo de Cooperación, de data 20/04/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 22/04/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Illa de Arousa* a cantidade de 74.768,40 €, con destino ao financiamento, por cambio de finalidade, do investimento “*ADQUISICIÓN DE TERREO DA ÁREA DE REPARTO Nº 13A PARA A SÚA CONVERSIÓN EN ESPAZO PÚBLICO*” (expediente: 2025082797), cunha memoria técnica polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45.2024 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, aprobadas polo acordo plenario de 29 de decembro de 2023 e publicadas no BOPPO núm. 2 do 03/01/2024 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 30 de setembro de 2026 e xustificado o 31 de outubro de 2026, en base a prórroga do Plan + Provincia 2024 publicada no BOPPO núm. 232 de 03 de decembro de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de A Illa de Arousa*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

53.37082.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A ESTRADA, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTO CORRENTE DERIVADO DA PROGRAMACIÓN CULTURAL, DEPORTIVA E SOCIAL”. (Expte. 2026024167)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na súa sesión ordinaria do 26 de decembro de 2025, mediante acordo núm.4.8555, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.
- Mediante Resolución Presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobáronse as cantidades totais asignadas a cada concello e as que lle correspondían por cada liña.
- En data 27/03/2026, con rexistro núm. WEB2026024624, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro da liña 2 do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello da Estrada na que solicita unha subvención por importe de 240.000,00 euros con destino ao financiamento de “*Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social*” (Expte.:2026024167), cun orzamento polo mesmo importe.
- O concello solicita o traspaso de 87.219,48 euros da liña 3-activación de emprego á liña 2.
- Xunto coa solicitude de subvención a entidade municipal remite proposta orientativa coas actuacións que pretende levar a cabo ao longo do ano 2026 e son as seguintes:

	Orzamento	Subvención solicitada
Adventure Galicia	15.000,00 €	15.000,00 €
XVII Campus deportivo de verán	41.000,00 €	41.000,00 €
IX Torneo de fútbol benxamín	6.000,00 €	6.000,00 €
XV Raid hípico Festa do Salmón	7.000,00 €	7.000,00 €
Carreira Nocturna estradense – XIII Estranoite 2026	15.000,00 €	15.000,00 €
Actividades deportivas “Festas San Paio 2026”	4.000,00 €	4.000,00 €



Cabalgata de Reis	13.457,98 €	13.457,98 €
Estrada Escena	39.765,02 €	39.765,02 €
LII Festa do Salmón	38.405,40 €	38.405,40 €
Feira cabalar de pascua	5.900,00 €	5.900,00 €
Un cómico na aldea	18.755,00 €	18.755,00 €
Latexo Fest	17.702,00 €	17.702,00 €
Os Arrieiriños	18.014,60 €	18.014,60 €
TOTAL	240.000,00 €	240.000,00 €

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

- Base 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e emisión de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 14 e seguintes da Ordenanza xeral da Deputación de Pontevedra que regulan o procedemento de concesión.
- Base 15ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, que sinala que unha vez efectuado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborarse unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do gasto, e da fiscalización da intervención.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do xefe do Servizo de Cooperación, de data 08/04/2026, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 05/05/2026, elévase a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello da Estrada, CIF:P3601700B, a cantidade de 240.000,00 euros, con destino ao financiamento de “Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social” (Expte.:2026024167), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.462.00 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- A xustificación desta actuación realizarase conforme ó previsto nas bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2026-2027, aprobadas por acordo núm.4.8555 do Pleno da Deputación de Pontevedra de data 26 de decembro de 2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 2 de xaneiro de 2026 (dispoñibles tamén na sede electrónica <https://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións. A base cuadraxésima das citadas bases establece que o Concello terá de prazo para xustificar a axuda concedida ata o 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga determinará a revogación da subvención e, no seu caso, o reintegro das cantidades percibidas de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello da Estrada, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao gabinete da Presidencia.



54.37083.- PRESTAR A CONFORMIDADE DO PROXECTO MODIFICADO DO INVESTIMENTO DENOMINADO “PISTA MULTIDEPORTE CUBERTA EN VILARIÑO” DO CONCELLO DE POIO, INCLUÍDO NO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS.
(Expte.2025002757)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.24.
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).
- Por acordo da Xunta de Goberno núm. 12.34906, de 14/03/2025, outorgouse ao Concello de Poio, mediante o procedemento de concorrencia non competitiva e ao abeiro do II PEID, unha subvención de 135.457,12 € para o financiamento do proxecto de investimento “Pista multideporte cuberta en Vilariño” (Expte.: 2025002757). A referida contía establécese sobre un orzamento de execución de 137.652,73 €, correspondéndolle á entidade local a achega de 2.195,61 € en concepto de fondos propios.
- Con data de 12/03/2026, consta no rexistro xeral desta Deputación (asento WEB2026019131) solicitude formulada polo Concello de Poio interesando a tramitación do proxecto modificado núm. 1 do investimento citado.
- Unha vez analizada a documentación técnica do modificado, verifícase que as variacións introducidas non alteran o obxecto nin a finalidade da subvención, así como tampouco os estándares de calidade da solución proxectada. Non obstante, a modificación supón un incremento do 4,93 % (6.292,00 €) respecto do prezo de adxudicación inicial, incremento que será sufragado integramente mediante a aplicación do remanente xerado pola baixa de adxudicación do contrato.
- O proxecto modificado conta co informe de supervisión favorable do xefe dos Servizos Técnicos de Cooperación de data 13/03/2026.
- O 04/04/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a solicitude de modificado do proxecto e na data 05/05/2026 a Intervención provincial informa favorablemente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO
RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

MODIFICACIÓN DE PROXECTO

- Base reguladora 24ª do II PEID, relativa á modificación de proxectos e excesos de medición.
- modificación das resolucións ou dos acordos de concesión por reformulación dos proxectos técnicos.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A normativa vixente en materia de subvencións establece como principio reitor o de afección ou vinculación da axuda económica ao cumprimento dun obxectivo concreto; neste suposto, á execución dun proxecto específico. Consecuentemente, o interese público perseguido coa concesión queda estritamente delimitado polo obxecto da finalidade subvencionable.



Consonte a esta natureza xurídica, outorgouse ao Concello de Poio, ao abeiro do II PEID, unha subvención por importe de 135.457,12 € para o financiamento do investimento “Pista multideporte cuberta en Vilarinho” (Ref. 2025002757). A dita concesión baseouse nun proxecto de 137.652,73 €, o cal se estimou axeitado e suficiente para os efectos da súa adecuación á convocatoria.

Unha vez adxudicada a obra, constatouse a necesidade de incorporar novas unidades de obras, o que motiva a modificación do proxecto orixinal.

O proxecto modificado non altera a finalidade esencial da subvención nin a calidade do conxunto do proxectado. Así mesmo, a solicitude formalizouse dentro do prazo execución e xustificación previsto no II PEID, sen que produza prexuízo a dereitos de terceiros.

As modificacións propostas supoñen unha variación do 4,93 % respecto do prezo de adxudicación. Este incremento, cifrado en 6.292,00 €, sitúa o importe final en 133.899,05 € fronte aos 127.607,05 € da adxudicación inicial.

Consta informe favorable emitido polo enxeñeiro xefe de Cooperación con data de 16/03/2026 respecto das actuacións descritas no proxecto modificado.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.- Que se autorice o proxecto modificado da obra “Pista multideporte cuberta en Vilarinho” (2025002757), aos efectos de que o investimento que se financia coa subvención outorgada pola Deputación dentro do II PEID, poida executarse nos termos propostos polo Concello.
- 2.- Aplicar a baixa resultante da adxudicación do contrato ao financiamento da referida modificación.

55.37084.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2203 BAREDO - E.P. BAIONA-LOUREZA DENDE O P.Q. 1+660 AO P.Q. 2+550. CONCELLO DE BAIONA". (Expte.2026002683)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.



Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.- Que o servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria. Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 2203 Baredo-EP Baiona-Loureira, que transcorre polo Concello de Baiona e ten unha lonxitude de 3.221 m.

Resultando.- Que nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na EP 2203 Baredo – EP Baiona – Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona”, no termo municipal de Baiona.

Resultando.- Que co fin de executar unha actuación que permita unha mellora da mobilidade peonil para solucionar os problemas de inseguridade que se producen diariamente, o proxecto consiste na creación dun itinerario peonil entre o P.Q. 1+660 e o P.Q. 2+550 da EP 2203.

Resultando.- Que con data 17/12/2025 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Baiona o convenio de colaboración para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona”.

Resultando.- Que recolle o citado convenio que as obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Baiona nas cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	786.898,98 euros	80
Concello de Oia	196.724,75 euros	20
TOTAL OBRAS	983.623,73 euros	100

Resultando.- Que recolle tamén o convenio que lle corresponde á Deputación a redacción do proxecto e a licitación dirección, execución e recepción das obras, así como a tramitación do expediente de expropiación para obter os terreos necesarios para poder acometer as obras.



Resultando.- Que a tal fin redactouse polo enxeñeiro D. Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., o proxecto de construción “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona, cun orzamento base de licitación de 983.623,73 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: WSI3NZWIHGL6OB1C.

Resultando.- Que nas aplicacións 2026/456.4530.612.02.2024 e 2026/456.4530.612.02.2025 do vixente orzamento provincial, dentro do proxecto de gasto 2022076724, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación provincial na súa sesión de data 31/07/2025 acordou a aprobación inicial do proxecto constructivo “Mellora da mobilidade peonil na EP-2203 Baredo – EP Baiona-Loureira, dende o PQ 1+660 ao PQ 2+550. Concello de Baiona” e do expediente expropiatorio asociado.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 26/12/2025 acordou estimar algunhas alegacións presentadas e aprobar definitivamente o proxecto construtivo de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona”, que incorpora o solicitado nesas alegacións. O proxecto definitivamente aprobado foi incorporado o expediente e asignóuselle o código CSV: X710C1RJXALV4FP9.

Resultando.- Que na súa consecuencia, mediante providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade que consta no expediente con CSV: 4ELK68ZYDVG596K4, solicítase a tramitación do expediente de contratación para a adxudicación do contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona”

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria 13 de febreiro de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato para execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13 de febreiro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de 12/03/2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560 (Concello de Vilanova de Arousa)”.



As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o Xefe de Sección de Proxectos, D. Jaime David Ruibal de Sola e o Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 7 de abril de 2026, elaboraron un informe conxunto relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas:

Licitadores	Memoria e programa de traballo	Plan de actuacións medioambientais	Puntuación sobre "A"
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	18,00	2,00	20,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	3,00	23,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	18,00	1,00	19,00
NAROM, S.L.	20,00	3,00	23,00
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	14,00	2,00	16,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación en base ó informe conxunto do Xefe de Sección de Proxectos, D. Jaime David Ruibal de Sola e do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, de data 7 de abril de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureza dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona”.



Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	Oferta económica	Control calidade	Prazo de garantía	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	764.787,77 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	768.120,71 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	751.699,88 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	739.233,94 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	808.359,87 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que a continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, NAROM, S.L. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Resultando.- Que non consta, que unha vez finalizado o prazo, a empresa NAROM, S.L., presentara xustificación algunha da súa oferta.



Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 23/04/2026 procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

Licitadores	SOBRE"B"				Puntuación sobre "B"
	Valoración económica	Prazo de garantía	Control calidade	UN-EN ISO 9001/14001	
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	20,20	5,00	5,00	5,00	35,20
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	18,92	5,00	5,00	5,00	33,92
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	25,20	5,00	5,00	5,00	40,20
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	1,95	5,00	5,00	5,00	16,95

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación na súa reunión acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureza dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona” que queda da seguinte forma:

Posición	Licitadores	Puntuación sobre "A"	Puntuación sobre "B"	Puntuación total
1	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	19,00	40,20	59,20
2	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	33,92	56,92
3	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	20,00	35,20	55,20
4	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	16,00	16,95	32,95



Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona” á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. (B36239861), por un importe de 909.556,86 euros IVE engadido.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e empresa Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 421) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 37.584,98 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 05/05/2026 con número de operación 12026000087213.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (B36962314) o Lote 3 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na providencia de inicio do expediente á empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L., para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra " Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona" por un importe estimado de 7.813,01 €.



Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) 4BXP1HVEW2HVQ90Q no que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.02, dentro do proxecto de gasto código nº 2022076724, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº12026000087212.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir do procedemento a oferta presentada pola empresa NAROM, S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. (B36239861), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo -E.P. Baiona-Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona”, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	751.699,88 euros
IVE (21%)	157.856,98 euros
Importe Total.....	909.556,86 euros

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de NOVE (9) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

En virtude do artigo 236.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, non se poderá iniciar a execución das obras en tanto non se formalizara a ocupación en virtude da vixente lei de Expropiación Forzosa.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo ás aplicacións 2026/456.4530.612.02.2024 e 2026/456.4530.612.02.2025 do vixente orzamento provincial, dentro do proxecto de gasto 2022076724.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2026002683.

3. Nomear directora de obra á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María del Mar González Estévez.
4. Adxudicar á empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (B36962314), o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2203 Baredo - E.P. Baiona-Loureira dende o P.Q. 1+660 ao P.Q. 2+550. Concello de Baiona" (Expte 2026005247), por un importe de 7.813,01 € e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	6.457,03 €
IVE (21%).....	1.355,98 €
Importe Total.....	7.813,01 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 26/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2026005247.



56.37085.- COMUNICACIÓNS.

Non houbo.

57.37086.- FÓRA DA ORDE DO DÍA.

1. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 1 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ANO 2026. (EXPTE. 2026033257)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación na súa sesión de data 30/09/2022 acordou adxudicar o LOTE 1 - ZONA NORTE, do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 9,130%.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión ordinaria do día 31/10/2025 acordou aprobar a terceira prórroga do Acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra polo período dun ano, para o contrato do lote 1 será con efectos do día 4 de novembro de 2025 e para os lotes 2 e 3 o día 8 de novembro de 2025.

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato baseado para levar a cabo obras de mellora da seguridade viaria mediante de execución de cunetas de seguridade en diferentes puntos do viario provincial. Estas cunetas non só melloran a drenaxe lonxitudinal das estradas mediante a evacuación das augas pluviais, senón que permiten ao condutor reconducir a súa traxectoria en caso de saída da calzada, así como evitar posibles obstáculos nas cunetas.

Resultando.- Que con este contrato relativo ao Lote 1 (Zona Norte) quérese actuar en estradas provinciais dos concellos de Lalín, Dozón, Rodeiro, Agolada, Vila de Cruces, Silleda, A Estrada, Cerdedo-Cotobade, Forcarei, Caldas de Reis, Cuntis, Valga, Pontecesures e Catoira, onde se realizarán as obras de execución de cunetas de seguridade, colocación de tubaxes para drenaxe, execución de arquetas, soleiras de formigón entre outros.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse polo enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez, memoria valorada, para a execución do “Contrato baseado Lote 1 do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra 2026”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 664.625,98 € IVE engadido. A esta memoria valorada asignóuselle o código (CSV): 2SCHIW6MK4VF6QA7.



Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2026”.

Resultando.- Que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025, dentro do proxecto de gastos código 2021053554/1, existe crédito autorizado, por un importe total de 665.125,49 €, para facer fronte a este gasto (Doc. ARC nº 12026000086126).

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: FKW5X3D8XC5HKPKT informe a xefa do Servizo de fiscalización, recollendo o seguinte: “...infórmase favorablemente o expediente...”

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizárase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa TPF GENTISA EUROESTUDIOS, S.L. (B84840685), o Lote 1 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Norte)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na providencia de inicio que consta no expediente con CSV: X4UJNAG7RLNJ0LTR, á empresa TPF GENTISA EUROESTUDIOS, S.L., para a adxudicación do Contrato derivado lote 1 AM seguridade e saúde no “Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2026”, por un importe estimado de 5.198,03 €.



Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) EYHOVGF6CL7UVIGP no que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2021053554/1, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 12026000087606.

Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2022, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados, así coma todas as cuestión relacionadas dos contratos baseados do acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto de execución do Contrato derivado Lote 1 do "Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2026" formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) NIOE2E8W5OOWOHFX, mais a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): 2SCHIW6MK4VF6QA7.
2. Autorizar o gasto por importe de 664.625,98 € IVE engadido con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025, dentro do proxecto de gasto cód. nº2021053554/1.
3. Adxudicar o Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2026" á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., (CIF B15410608) por importe de 664,625,98 € IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	549.277,67 €
IVE (21 %)	115.348,31 €
Importe total.....	664.625,98 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2026033257.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Requisir á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., para que no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía definitiva por importe de 27.463,88 €.
5. Nomear director de obra ó enxeñeiro da Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez.
6. Adxudicar á empresa TPF GENTISA EUROESTUDIOS, S.L. (B84840685) o Contrato derivado lote 1 AM seguridade e saúde no Contrato derivado Lote 1 do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2026” (Expte 2026036945), por importe de 5.198,03 € IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	4.295,89 €
IVE (21 %)	902,14 €
Importe total.....	5.198,03 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2021053554/1.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2026036945.

2. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 2 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ANO 2026. (EXPTE. 2026033260)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación na súa sesión de data 30/09/2022 acordou adxudicar o LOTE 2 – ZONA CENTRO, do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, á UTE NAROM S.L.-AUDECA, S.L., a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 7,970%.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión ordinaria do día 31/10/2025 acordou aprobar a terceira prórroga do Acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra polo período dun ano, para o contrato do lote 1 será con efectos do día 4 de novembro de 2025 e para os lotes 2 e 3 o día 8 de novembro de 2025.

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato baseado para levar a cabo obras de mellora da seguridade viaria mediante de execución de cunetas de seguridade en diferentes puntos do viario provincial. Estas cunetas non só melloran a drenaxe lonxitudinal das estradas mediante a evacuación das augas pluviais, senón que permiten ao condutor reconducir a súa traxectoria en caso de saída da calzada, así como evitar posibles obstáculos nas cunetas.

Resultando.- Que con este contrato relativo ao Lote 2 (Zona Centro) quérese actuar en estradas provinciais dos concellos de Pontevedra, Vilaboa, Ponte Caldelas, A Lama, Cerdedo-Cotobade, Barro, Poio, Cangas, Moaña, Marín, Bueu, Pazos de Borbén, Fornelos de Montes, Redondela, Soutomaior, Caldas de Reis, Portas, Moraña, Campo Lameiro, Cuntis, Cambados, O Grove, Sanxenxo, Meaño, Meis, Ribadumia, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa e Illa de Arousa, onde se realizarán as obras de execución de cunetas de seguridade, colocación de tubaxes para drenaxe, sinalización horizontal, execución de arquetas e recrecido de pozos.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse polo enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Belén Pampín Camino, memoria valorada, para a execución do “Contrato derivado Lote 2 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2026”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 738.122,47 € IVE incluído. A esta memoria valorada asignóuselle o código (CSV): BUZJKEM4VDRXWHT2.



Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o Contrato derivado Lote 2 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2026”.

Resultando.- Que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025, dentro do proxecto de gastos código 2021053554/2, existe crédito autorizado, por un importe total de 738.228,55 €, para facer fronte a este gasto (Doc. ARC nº 12026000086127).

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: M6ARV9K7Q8WBK811 informe a xefa do Servizo de fiscalización, recollendo o seguinte: “...infórmase favorablemente o expediente...”.

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizárase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A., (A82876905), o Lote 2 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na providencia de inicio que consta no expediente con CSV: A1SXJCMNQ3I9DQNL, á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A., para a adxudicación do Contrato derivado lote 2 AM seguridade e saúde no Contrato derivado Lote 2 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2026”, por un importe estimado de 4.478,10 €.



Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) LGH6GCUXI1RCBFUF, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2021053554/2, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 12026000087613.

Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2022, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados, así coma todas as cuestión relacionadas dos contratos baseados do acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto de execución do Contrato derivado Lote 2 do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2026” formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) NIOE2E8W5OOWOHFX, mais a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): BUZJKEM4VDRXWHT2.
2. Autorizar o gasto por importe de 738.122,47 € IVE engadido con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025, dentro do proxecto de gasto código. nº 2021053554/2.
3. Adxudicar o Contrato derivado Lote 2 do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2026” á UTE NAROM S.L.-AUDECA, S.L (U72478480), por importe de 664.625,98 € IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	610.018,57 €
IVE (21 %).....	128.103,90 €
Importe total.....	738.122,47 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2026033260.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Requirir á UTE NAROM S.L.-AUDECA, S.L (U72478480)., para que no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía definitiva por importe de 30.500,63 €.
5. Nomear directora de obra a Dona Belén Pampín Camino enxeñeira de conservación da zona centro do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
6. Adxudicar á empresa Atenea Seguridad y Medio Ambiente, S.A., (A82876905) o Contrato derivado lote 2 AM seguridade e saúde no Contrato derivado Lote 2 do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2026” (Expte 2026036969), por importe de 4.478,10 € IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	3.700,91 €
IVE (21 %)	777,19 €
Importe total.....	4.478,10 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2021053554/2.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2026036969.



3. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 3 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ANO 2026. (EXPTE. 2026033264)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación na súa sesión de data 30/09/2022 acordou adxudicar o LOTE 3 – ZONA SUR, do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L, a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 8,100%.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión ordinaria do día 31/10/2025 acordou aprobar a terceira prórroga do Acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra polo período dun ano, para o contrato do lote 1 será con efectos do día 4 de novembro de 2025 e para os lotes 2 e 3 o día 8 de novembro de 2025.

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato baseado para levar a cabo obras de mellora da seguridade viaria mediante de execución de cunetas de seguridade en diferentes puntos do viario provincial. Estas cunetas non só melloran a drenaxe lonxitudinal das estradas mediante a evacuación das augas pluviais, senón que permiten ao condutor reconducir a súa traxectoria en caso de saída da calzada, así como evitar posibles obstáculos nas cunetas.

Resultando.- Que con este contrato relativo ao Lote 3 (Zona Sur) quérese actuar en estradas provinciais dos concellos de Vigo, Nigrán, Baiona, Gondomar, O Porriño, Salceda de Caselas, Mos, Pazos de Borbén, Redondela, Tui, Tomiño, Oia, O Rosal, Pontearcas, Salvaterra do Miño, As Neves, Mondariz, Mondariz-Balneiro, A Caniza, Covelo, Arbo e Crecente, onde se realizarán as obras de execución de cunetas de seguridade, colocación de tubaxes para drenaxe, sinalización horizontal, execución de arquetas e recrecido de pozos.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse pola enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María Elena Pérez Alonso, memoria valorada, para a execución do “Contrato derivado Lote 3 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2026”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 595.968,56 € IVE engadido. A esta memoria valorada asignóuselle o código (CSV): 06W4FOGQFJGHUZ4K.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o “Contrato derivado Lote 3 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2026”.

Resultando.- Que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025, dentro do proxecto de gastos código 2021053554/3, existe crédito autorizado, por un importe total de 595.975,48 €, para facer fronte a este gasto (Doc. ARC nº 12026000086128).



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: JP5F2F06XQZKF7XR informe de fiscalización da xefa do Servizo de fiscalización, recollendo o seguinte: “...infórmase favorablemente o expediente...”.

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizárase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (CIF: B36962314) o Lote 3 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na dilixencia de solicitude de adxudicación do contrato baseado que consta no expediente con CSV: XGUE4L1JZ48XTORE á empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (CIF: B36962314), para a adxudicación do Contrato derivado lote 3 do acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2026, por un importe estimado 5.036,20 €.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención, que consta no expediente con CSV: 2M3K6AT83DJXSLSZ, no que se recolle que aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2021053554/3, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 12026000088115.

Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2022, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados, así coma todas as cuestións relacionadas dos contratos baseados do acordo marco que regula as obras de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto de execución do Contrato derivado Lote 3 do acordo marco de “Cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2026” formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) NIOE2E8W5OOWOHFX, mais a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): 06W4FOGQFJGHUZ4K.
2. Autorizar o gasto por importe de 595.968,56 € IVE engadido con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025, dentro do proxecto de gasto código nº2021053554/3.
3. Adxudicar Contrato derivado Lote 3 do “Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2026” á empresa CONSTRUCCIONES FECHI SL (CIF B36258861) por importe de 595.968,55 € IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	492.535,99 €
IVE (21 %)	103.432,56 €
Importe total.....	595.968,55 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2026033264.

Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Requirir a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., para que no prazo de DEZ DIÁS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía complementaria por importe de 24.626,80 €.



5. Nomear directora de obra á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María Elena Pérez Alonso.
6. Adxudicar á empresa AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (CIF: B36962314), o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde do Contrato derivado do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra (Expte 2026037092), por importe de 5.036,20 € IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	4.162,15 €
IVE (21 %)	874,05 €
Importe total.....	5.036,20 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2021053554/3.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2026037092.

58.37087.- ROGOS E PREGUNTAS.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e corenta e seis minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, a Vicesecretaria que dou fe.

